

O ÁLBUM DA CIENCIA 2014

JUAN ROF CODINA

VETERINARIO E DIVULGADOR
UNIDADE DIDÁCTICA
A renovación agrícola galega

Autores:

Jorge José Pérez Maceira, Doutor en Bioloxía

Diego Conde Gómez, Doutor en Veterinaria

Coa colaboración de

Xosé A. Fraga, director do Álbum da Ciencia e Susana Vázquez, asesora didáctica

www.educabarrie.org

www.fundacionbarrie.org

Síguenos en



Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
15705 Santiago - A Coruña
Tel.: +34 981957202
www.consellodacultura.org

Cantón Grande, 9
15003 A Coruña
Tel.: + 34 981 221 525
Fax: + 34 981 224 448

Policarpo Sanz, 31
36202 Vigo
Tel.: + 34 986 110 220
Fax: +34 986 110 225



Fundación Barrié



Fundación Barrié



JUAN ROF CODINA

VETERINARIO E DIVULGADOR

UNIDADE DIDÁCTICA

A renovación agrícola galega

O Álbum da Ciencia

Sabemos que en Galicia dispoñemos dunha relevante cultura literaria e artística, porén é menos coñecido que tamén posuímos unha estimable cultura científica. O Álbum da Ciencia está concebido como unha ferramenta que pretende reducir ese déficit de coñecemento sobre o labor científico realizado en Galicia, ou por galegos/as noutras latitudes. Un xeito de fomentar a cultura científica, elemento básico do mundo contemporáneo, por medio da difusión do labor desenvolto polos/as investigadores/as máis sobranceiros/as.

Ese obxectivo esixe unha identificación da excelencia entre a nosa comunidade científica, representada polas biografías recollidas. Unha posta en valor, un recoñecemento, da capacidade dos/as galegos/as para facer ciencia de

relevancia mundial. Porque a Ciencia tamén nos pode fornecer de autoestima, dun digno sentimento positivo, en tempos de dúbidas e incertezas sobre o propio futuro da comunidade científica que tanto esforzo custou artellar.

O Consello da Cultura Galega afrontou a elaboración do Álbum da Ciencia como un esforzo investigador e divulgativo no que está implicado un amplo equipo de especialistas, preto de trinta. As biografías dos científicos e científicas seleccionadas veñen aparecendo desde marzo de 2012 na rede: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/>. Uns textos accesibles que resumen os principais elementos da vida e da obra dos especialistas. Unhas biografías actualizables que permiten levar a cada mesa de traballo, vía ordenador, a excelencia científica xerada en Galicia.

O resultado final permitirá ofrecer aos usuarios máis de 300 entradas online, unha parte substancial do I+D histórico do país, unha especie de Academia das Ciencias virtual. Un produto único que ofrece unha valiosa información a públicos diversos.

Francisco Díaz-Fierros
Coordinador da Sección de Ciencia,
Natureza e Sociedade
do Consello da Cultura Galega



EducaBarrié é a canle de comunicación entre a Fundación Barrié e a comunidade educativa, un espazo de encontro e intercambio, un laboratorio en rede de experiencias innovadoras que aglutina toda a oferta educativa da Fundación no marco das súas áreas de actuación: Patrimonio e Cultura, Educación e Investigación e Acción Social co fin de poñer en valor o talento compartido.

Agora todos os recursos educativos da Fundación están ao alcance de profesores, alumnos e pais para formar parte das súas actividades nas aulas ou no ámbito familiar en www.educabarrie.org.

A Fundación Barrié e o Consello da Cultura Galega queren agradecerlle aos autores o seu esforzo e a súa dedicación para a elaboración desta unidade didáctica, que non ten outro fin que darlle a coñecer á comunidade escolar a valiosa contribución da figura de Rof Codina á investigación e á Ciencia de Galicia.

JUAN ROF CODINA

VETERINARIO E DIVULGADOR
UNIDADE DIDÁCTICA
A renovación agrícola galega

Autores:


Jorge José Pérez Maceira, Doutor en Bioloxía

Diego Conde Gómez, Doutor en Veterinaria

Coa colaboración de

Xosé A. Fraga, director do Álbum da Ciencia

e Susana Vázquez, asesora didáctica



Juan Rof Codina (1910). Arquivo Familia Rof Codina.

Presentación da unidade


Juan Rof Codina viviu sen dubida nun período de grandes cambios sociais na nosa comunidade e no noso país. O sector gandeiro que atopa é tradicional con respecto a outras comunidades ou países; mentres que o sector que deixará vai na liña da renovación e onde quedarán desterradas moitas das malas prácticas anteriores. A súa loita tamén pola profesión de veterinario na eliminación de comportamentos afastados da ciencia; e a loita contra o intrusismo profesional, marcarán décadas de traballo profesional veterinario e deixarán cimentado o futuro desa profesión.

Rof Codina é o máis coñecido, dentro do que cabe, dun grupo de técnicos agropecuarios, moitos deles non nados en Galicia, pero que traballaran na nosa comunidade loitando polo desenvolvemento técnico e produtivo da agricultura e gandería galega ó longo do seu percorrido vital e deixando un legado para o desenvolvemento ó longo deste século e do anterior. Estes técnicos teñen en xeral dous papeis; a organización e artello de organizacións que fomenten as profesións agropecuarias e o asociacionismo labrego.

Se temos en conta a definición de investigador ou científico, Rof Codina non cumpre coas premisas convencionais, pero o feito de ser un experimentador incansable coas novidades que pasan polas súas mans e aplicalas ó sector gandeiro galego fai del un personaxe a ter en conta no desenvolvemento científico de finais do século XIX e principios-mediados do século XX. Sen ese empuxe a gandería galega ou o desenvolvemento profesional dos veterinarios non terían ocorrido ou desenvolvido como o fixeron ó longo do século XX. Tamén se debe valorar ser un dos primeiros en loitar por unha prevención antes dun tratamento clínico, na crenza que as accións preventivas diminúen as accións clínicas. Un último punto que debe ser tratado na súa figura é o desenvolvemento de técnicas e metodoloxías para definir as razas autóctonas que aínda teñen validez hoxe en día.

No que respecta ás imaxes, sinalar un agradecemento especial ó Fondo Rof Codina da Biblioteca Intercentros de Lugo da Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela por todas as facilidades e deixar o seu inmenso patrimonio a disposición para ilustrar a unidade didáctica sobre Juan Rof Codina.

1. FICHA DIDÁCTICA



Rof Codina, no centro subido ao palco, na inauguración do xardín "O Pote" en Barallobre Fene (A Coruña). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

DIRIXIDO A

A figura de Juan Rof Codina tanto obra como vida é un reflexo dunha sociedade que sufrirá grandes cambios en pouco tempo. A unidade pretende un acercamento e unha visión xeral da vida e obra de Juan Rof Codina aproveitando para facer un esquema da historia de finais do século XIX ata mediados do século XX. As actividades e o texto poden ser abordados dende diferentes perspectivas máis históricas ou máis científicas; ou traballando en paralelo dende varias materias ó mesmo tempo, se ben o nivel correspondente sería bacharelato.

Os coñecementos que se deben mobilizar abranguen dende a estatística descritiva ata coñecementos sobre gandería e agricultura, non esquecendo os contidos lexicais como vocabulario das enfermidades ou historia contemporánea de España e Galicia.

1º de Bacharelato é o nivel escollido para situar e traballar a unidade didáctica, se ben pódese traballar os contidos noutros niveis adaptándoos. En Ciencias para o mundo contemporáneo ou Bioloxía e Xeoloxía dende as científicas, ou Historia para o mundo contemporáneo dende as humanísticas pódese traballar.

Recoméndase traballar a unidade en catro – cinco sesións que poden ser seleccionadas ou traballadas cando correspondan os contidos das materias cos contidos traballados na unidade ó longo do curso; sinalando datas concretas para traballar as actividades específicas.

O desenvolvemento das competencias e comprensión lectora, escritora e oral tanto na defensa das ideas como na argumentación, engadindo a isto ó análise de datos e desenvolvemento de gráficas para apoiar os argumentos traballaranse en varias actividades. A investigación e información sobre os contextos culturais, sociais e históricos do século XIX e XX tamén se intentará traballar dende varias actividades, centrándose sobre todo no século XX.

ÁREAS CURRICULARES IMPLICADAS

1º Bacharelato Bioloxía e Xeoloxía

1º Bacharelato Historia para o mundo contemporáneo

1º Bacharelato Ciencias para o mundo contemporáneo

1º Bacharelato Matemáticas

OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

Os científicos galegos ou científicos que desenvolveron a súa carreira en Galicia están presentes nas nosas vilas pero salvo por expertos non son coñecidos pola gran maioría. Tendo isto en conta, un dos obxectivos principais destas unidades é acercar e dar a coñecer estes personaxes, como por exemplo, nesta unidade Juan Rof Codina a través do traballo de actividades e textos sobre a súa vida e obra.

O éxito na empresa dependerá do grao de traballo e integración das actividades nos contextos das aulas. Intentarase un acercamento dende diferentes materias, con maior ou menos éxito, pero abrindo as portas á creación de actividades que permitan ese acercamento ós científicos galegos e ó Álbum da Ciencia.

A maiores inténtase non desviarse moito dos contidos e actividades das aulas nun contexto de estudo dos acontecementos de finais do século XIX e do século XX.

Os obxectivos da unidade didáctica serían polo tanto:

- Presentar a figura científica, divulgadora e cultural de Juan Rof Codina ós alumnos de bacharelato e secundaria.
- Dar a coñecer as súas aportacións en materia de gandería e veterinaria.
- Acercar o seu legado á sociedade galega do século XXI.
- Identificar os principais acontecementos históricos de finais do século XIX e do século XX da historia de Galicia e España.
- Situación do alumnado no contexto dunha historia e sociedade diferente á actual.
- Recoñecer o papel de Rof Codina na rexeneración e mellora do agro galego.
- Promover o acercamento ós acontecementos e personaxes do período comprendido entre finais do século XIX e mediados do século XX.
- Tomar conciencia da importancia do medio rural para Galicia a través dunha das figuras máis implicadas no seu desenvolvemento.
- Coñecer e interesar o alumnado polos científicos galegos relacionados co medio rural do século XX.

RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CIENTÍFICAS	
Suxírense como as actividades poden axudar a desenrolar as competencias básicas a través das diferentes habilidades e destrezas:	
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico	Comprender e argumentar cientificamente as diferentes opinións Sacar conclusións obtidas en base os datos presentados Valorar os argumentos e diferenciarlos das opinións Realizar argumentacións científicas utilizando probas e experimentos axeitados o método científico
Competencias tratamento da información e competencia dixital	Analizar e sintetizar a información obtida de diferentes fontes dixitais Diferenciar os diferentes tipos de informacións e a súa utilidade e veracidade Analizar e ter unha actitude crítica ante a información obtida Organizar, resumir e tratar os datos para obter respostas as actividades
Competencia social e cidadá	Rexeitar as argumentacións das opinións diverxentes Valorar as opinións diverxentes e por en valor eses coñecementos
Competencia matemática	Representar e interpretar gráficas Manexar e analizar datos, e interpretalos
Competencia lingüística	Expoñer oralmente os informes e datos analizados Elaborar presentacións cos datos obtidos Analizar textos, e identificar as diferentes tipoloxías Utilizar un linguaxe adecuado o contexto (linguaxe técnico-especializado) Sintetizar en informes breves complexas informacións
Competencia para aprender a aprender	Expoñer e responder preguntas en base os coñecementos propios ou obtidos de fontes de información por si mesmo Diferenciar respostas de preguntas nos problemas plantexados Enumerar as posibles respostas fronte a un mesmo problema Aplicar novos coñecementos adquiridos dependendo do contexto


Competencia cultural e artística	Valorar o patrimonio científico e cultural galego Utilizar imaxes e representacións como fonte de calidade no discurso e como apoio visual as presentacións Utilizar criterios artísticos no deseño e representacións dos informes tanto presentacións orais como escritos
Competencia autonomía e iniciativa persoal	Buscar información Escoller a información Desenvolver e manter unha opinión propia nos debates
TEMAS	
Ciencia en Galicia Científicos galegos Gandería Veterinaria Estatística	Mellora de razas Medio rural galego Industria gandeiras Historia de España Contemporánea Enfermidades animais
METODOLOXÍA	
Esta unidade didáctica toma a información dispoñible no Álbum da Ciencia e no estudo histórico feito polo Doutor Conde Gómez. Reorganizados e sintetizados para desenrolar os acontecementos vitais de Juan Rof Codina. A metodoloxía intenta ser variada, permitindo organizar os textos e actividades para un desenrolo tanto secuencial como puntual das tarefas.	Pódese traballar o longo de curso en diferentes sesións onde a maioría son tarefas de búsqueda e síntese de información, ou actividades que permiten desenrolar un debate ou unha ampliación dos contidos tratados no texto na aula. Exemplos de tipos de actividades: - Individuais - En grupos 2, 3 ou 4 alumnos - En grupo aula
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	
Como xa se comentou, recoméndanse catro – cinco sesións, non necesariamente seguidas para poder elaborar os traballos e búsquedas de información necesarias para as actividades. Pódese traballar dende unha materia, seleccionando actividades ou dende varias materias repartindo e seleccionando as actividades. As posibilidades das actividades quedan abertas as necesidades da aula ou o contexto da tarefa concreta sendo simplemente recomendacións o suxerido nesta unidade.	

2. De fillo do ferreiro a estudante de veterinaria en Madrid

Juan Rof Codina naceu o 31 de agosto de 1874 no Prat del Llobregat, fillo de Pablo Rof Xirinachs, ferreiro de profesión e Micaela Codina Portillo, nun ambiente rural que marcará a súa sensibilidade e interese sobre os problemas do campo. Bo estudante rematada a escola axudará na ferrería do pai chegando a ser oficial de cerralleiro, aínda que adoce dunha paixón polo ferrocarril querendo ser maquinista. O seu pai xunta os cartos para costear os 3 anos de aprendiz de mecánico pero cando vai marchar convénceno de estudar veterinaria en Madrid para poder suplir o seu tío Luis Rof no futuro. Esta será a opción escollida por Rof e conforme, sae para Madrid a estudar veterinaria.

O 25 de setembro de 1891, con 17 anos, examínase do ingreso na Escola Superior de Veterinaria de Madrid, aprobando co número 36 e matriculándose nas catro materias das que constaba o primeiro ano. Comezos difíciles na carreira, Rof asustase da cantidade de materia que ten que assimilar e pídelle consello ó conserxe da Escola. Este aconséllalle que estude física e química e se examine en setembro, volve para casa onde axuda no obradoiro mentres prepara as materias co seu antigo mestre de escola, Don Juan Cirera Pons.

Nesta época fundase no seu pobo en El Prat unha Colonia Agrícola que ocupará gran parte do delta e converterá en terras de cultivo unha extensa zona pantanosa. Introdúciense melloras técnicas e contratan moito traballo o pai de Rof, permitindo que este último estude en Madrid permanentemente. Tal e como se comentou, en setembro de 1892 examínase e apro-



Apuntes elaborados por Rof Codina e Francisco Echegoyen para a materia de Cirurxía Xeral Veterinaria (curso 1894-1895). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

ba as materias en Madrid, e quedase para continuar cos seus estudos. Matriculase como alumno oficial nas materias que lle quedan de primeiro curso e asistindo a clase de segundo como alumno libre, por medo a ser recrutado como soldado e para poder examinarse antes do seu ingreso a filas. Nesta época é cando se fai amigo de Juan Téllez López, compañeiro de carreira, que o leva a súa casa onde será acollido como un máis pola nai de Juan, María Francisca López y López, viúva de Juan Téllez Vicen que fora catedrático de veterinaria.

O ano seguinte, o 13 e 17 de xuño de 1893, examínase de Anatomía xeral e Descritiva acadando un notable, voltando no verán o pobo para axudar no taller do pai e preparar Fisioloxía na escola nocturna. O 9 de decembro de 1893, xa en idade para

ser chamado a filas, entrade en quintas, no sorteo correspondente servir como soldado de Infantería. Volve a Madrid para comezar o curso, pero matriculase por libre debido o servizo militar. Xa en xaneiro do ano seguinte examínase das materias de segundo, e é a nai de Juan Téllez quen coa benevolencia do catedrático aprobou Fisioloxía. Feito que o propio Juan Rof Codina admite con nobreza nas súa carta autobiográfica "*Recordar es vivir*" da que se tratará noutro apartado.

En 1894 regresa en febreiro ó Prat ata o 7 de marzo que ingresa en filas destinado no Rexemento de Infantería de Xirona, de guarnición en Zaragoza. Grazas a súa xenerosidade e trato aberto, consegue ser destinado o rematar a instrución e por medio dun tenente ser destinado a Madrid como soldado do Rexemento de San Fernando. Chega a finais de abril deste ano, e nun golpe de sorte, o capitán da compañía resulta ser compañeiro de escola da nai de Juan Téllez, o sabelo, visita o capitán e pídelle que se interese por Rof. Dous meses despois é rebaixado de servizo para poder asistir a clase e para poder aloxarse na casa de dona Francisca.


Neste terceiro curso, Rof intenta buscar un traballo que lle permita manterse por si mesmo sen axuda dos seus pais. Como tiña o curso aprobado, adícase a práctica da farmacia e de noite asiste a clases de taquigrafía e francés no Ateneo xunto con Juan Téllez. En xuño de 1895 examínase e acada un notable de Patoloxía Xeral e Clínica Médica; un aprobado en Farmacoloxía e Arte de Receitar; un notable en Zootecnia e un sobresaiante en Medicina Legal. Remata o curso e continua cá práctica da farmacia e en setembro colócase de practicante na Farmacia da Viúva de Lobiaga durante pouco tempo; debido a coincidencia



Juan Téllez López

de horario cas clases dun fillo da casa e tendo que renunciar en outubro. Logo consegue un posto na farmacia de Don Jose Pérez Negro onde é admitido como dependente con horas de clase, comida e roupa limpa, quedando os seus pais xa exentos do seu mantemento.

O comezo da segunda Guerra de Independencia de Cuba o 24 de febreiro de 1895 o goberno concreta máis de 200 mil homes na illa para reprimir a revolución. Do rexemento de Rof tiñan



FACHADA DEL EDIFICIO PRINCIPAL

Proxecto da fachada principal da Escola de Veterinaria de Santiago de Compostela no Horreo. (1903).

que saír polo tanto soldados para formar un Batallón Peninsular Expedicionario; el mesmo escribiu como se libra: *“Durante el curso, se celebró el primer sorteo de soldados para formar un Batallón Peninsular destinado a Cuba y me toco una bola negra. El Capitán consiguió mi permuta con otro compañero de nombre León Bravo, previo el importe de 70 duros que me envió mi padre”*. Pero, o alto número de baixas provoca un novo recrutamento de forzas, o propio Rof Codina explica como sae da situación: *“Un segundo sorteo para Cuba, deshizo mi gozo, tocándome otra bola negra, que solucioné con otra permuta de 70 duros, que me libro de ir a Cuba nuevamente; pero mi padre tuvo que pedir prestados aquellos 70 duros”*. Anos duros e complicados para toda a familia de Rof Codina.

En xuño de 1896 examinase e acada un aprobado en Operacións, Apósitos e Vendaxes e Forxa e Recoñecemento de animais; e de sobresaínte en Obstetricia e Procedementos para o Ferrado. Durante o verán funda xunto con Juan Téllez e Gabriel García unha academia de repaso para estudantes dos

primeiros cursos de veterinaria. En outubro de 1896 debido a ter notas de sobresaínte fai oposición e acada a praza de estudante pensionado de 5º curso, tendo como premio matrícula e título gratis.

A piques de rematar na Escola, Cuba volve por terceira vez a cruzarse no seu camiño. Problema case inevitable pois é todo o rexemento o que ten que marchar, por sorte, unha disposición oficial permite a permuta cun licenciado. O dono da farmacia consegue a través dunha axencia un militar licenciado que por 750 pesetas permuta con Juan Rof. Finalmente, en 1897 examínase e acada un notable en Historia Natural e un sobresaínte en Agricultura, Zootecnia, Dereito Veterinario e Policía Sanitaria. O 15 xuño convertese en veterinario titulado o aprobar a revalida en todos os exercicios.

ACTIVIDADES

Actividade 1. En equipos de 3-4 persoas constrúe unha liña cronolóxica cos eventos e acontecementos máis importantes dende 1874 ata 1967. Sinalade nesta liña co outra cor os eventos da vida e obra de Juan Rof Codina máis importantes.

Actividade 2. No texto coméntase o plan de estudos de Veterinaria de principios do século XX. Buscade na biblioteca do voso centro ou na rede información sobre a lexislación educativa tanto de secundaria como de universidade dende a Lei Moyano ata hoxe en día. Contestade as seguintes cuestión: ¿Cómo son os estudos de veterinaria actualmente? ¿É os de outras profesións como medicina, bioloxía, filoloxía ou historia?. Escolle a profesión que máis che interese e investiga o seu plan de estudos pasado e actual para ver como cambian os coñecementos e as materias o longo do tempo.

Actividade 3. A Colonia Agrícola do Prat permitiu que o pai de Rof tivera moito traballo e que o puideran manter en Madrid. Pero, ¿Qué vos suxire ese termo de Colonia Agrícola?, tras unha posta en común de ideas investigade o termo, existiu algún experimento similar en Galicia ou preto. Facede un póster cá información recopiada e comentádeo o resto do voso centro.

Actividade 4. O pai de Juan Rof Codina era ferreiro e das cancións populares soaravos o afiador. En grupos de 2-3 persoas elaborade unha presentación sobre un oficio tradicional ou que este a piques de desaparecer, presentádeo o resto dos grupos. ¿Cál é a razón da desaparición de moitos de estes oficios?. Seguen existindo na nosa comunidade algún de eles. Se coñeces alguén que teña ese oficio invitao o teu centro para que de

unha charla ou un taller sobre o seu oficio.

Actividade 5. No texto estamos falando dunha sociedade de finais do século XIX. ¿Cómo era dita sociedade? Existían diferenzas entre Galicia e Madrid. ¿Cómo eran as comunicacións nesa época?. En grupos de 4-5 persoas desenrolas un informe sobre un sistema de transporte e cómo evolucionou durante o século XIX e o XX.

Actividade 6. Por tres veces, Juan Rof líbrase de ter que ir a guerra. Investigade e debatede sobre: ¿Cómo era a organización do exercito español nesa época? ¿Cales eran esas causas de guerra en Cuba? ¿Qué razóns podían evitar ter que ir a guerra?. Facede unha enquisa na casa sobre os seguintes termos: mili, quintas, sorteo, excepcións, excedente de cupo,... recopilade os testemuños e escribide unha definición para cada un destes termos.

Actividade 7. Na guerra de Cuba sinálanse algúns nomes importantes para Cuba como José Martí, Máximo Gómez, Antonio Maceo ou Calixto García. Investigade sobre dita guerra, que sucedeu e averiguade como foi a evolución do goberno da Illa de Cuba dende está época ata hoxe.

Actividade 8. Juan Rof Codina durante o curso 1894-1894 coincide na Escola de Veterinaria co cubano Francisco Echegoyen y Montané. Facede unha biografía deste personaxe ou de calquera dos citados no exercicio anterior. Nos esquezades mencionar o contexto histórico e socioeconómico de Cuba e España na época.



Juan Rof Codina no Corpo de Veterinaria Militar (1901). Arquivo Familia Rof Codina.

3. O Corpo de Veterinaria Militar: Lugo – Granada - Lugo

Xa como veterinario xunto con Juan Téllez e Gabriel García preparan as oposicións para as cátedras vacantes na Escola de Veterinaria de Madrid. Examinanse e aproban os tres o 24 de xullo de 1897 á oposicións para ingresar no Corpo de Veterinarios Militares entrando no Corpo de Sanidade Militar. O non existir vacantes, Rof continua ca academia e co seu traballo na farmacia. O 14 de xullo de 1898 ascende a tenente veterinario militar (Veterinario de 3ª) e ordénanlle presentarse urxentemente en Vigo ante a posibilidade dun ataque por parte dos Estados Uni-



Bosquejo sanitario-zootécnico destinado ao estudo das vantaxas do seguro aplicado a gandería na provincia de Lugo (1904). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



Cabeceira de "Revista Veterinaria" (1903). Repositorio Helvia. Universidade de Córdoba.

dos a nosa ría. Debe presentarse nas baterías do 3º Rexemento de Artillería de Montaña da Guarnición de Lugo.

Chega a Vigo o 14 de agosto, enferma e é levado a Lugo onde chega o 21 de agosto gravemente enfermo. Un ferreiro do rexemento consegue que o aloxe a familia do veterinario Ramón Carballo y Pardo que xa aloxará anteriormente veterinarios militares. O ferreiro do rexemento pídelles que aloxen a Rof para ser mellor atendido da súa enfermidade, a esposa de Ramón Carballo, María Angela Lameiro compadecese e consinte en aloxalo. Restablecido, comeza recorrer Lugo e a oír falar de enfermidades que afectan o gando da zona e que son descoñecidas para él como o gripo (glosopeda ou febre aftosa), a nacida (carbuncho) ou o mal da sangue dos mulares.

Rof é consultado en calidade de veterinario sobre estas enfermidades pero non coñecerá de primeira man ningún caso ata dous anos despois de chegar a Lugo. Na casa dos Carballo, Rof Codina tomará contacto cos costumes e o noso idioma; tamén

comezará a acudir as feiras onde se interesará polos problemas da gandería galega. O labor de Rof no cuartel era sobretodo de hixienicista, aproveitando os seus coñecementos nunha labor publicista escribirá o 28 de outubro de 1899 o artigo titulado "La cuestión de la carne" no xornal lucense "La Idea Moderna" no que denuncia as prácticas fraudulentas dos carniceiros en Lugo. Nos meses de novembro e decembro volverá colaborar con 4 artigos titulados "Algo de policía sanitaria", que tratarán os temas cisticercose, triquinose, glosopeda e carne cansada. Nestas artigos fala sobre as enfermidades, o seu tratamento e prevención; así como a importancia da inspección das carnes nos matadoiros e o coidado da cadea alimentaria.

Nesta época é cando prepara as oposicións para as cátedras de Fisioloxía e Hixiene da Escola de Veterinaria de Santiago. As oposicións convócanse en 1900, Rof presenta para optar a praza un traballo sobre "La célula y sus funciones", pese a todo, será Juan Téllez quen aproba a oposición e ocupa o posto de Catedrático



Traballo sobre "La Célula y sus funciones" (1902). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

numerario de Fisioloxía, Hixiene, Mecánica Animal, Aplomos, Pelos e modos de Reseñar da Escola de Santiago. Posto que ocupará ata o 6 de abril de 1904 cando volve o Corpo de Veterinaria Militar, sendo o único caso de renuncia dun catedrático para pasar o corpo militar. Tamén neste período, Rof comeza a dar a coñecer os traballos de Pasteur sobre a nacida e as vacinas; é o inicio da campaña de divulgación sobre o carbuncho.

O 13 de febreiro de 1900 queda baixo arresto domiciliario durante catro días por insubordinación o Coronel Veterinario 1º de A Coruña sobre o tratamento dunha enfermidade dos muladares. Isto será o motivo do seu traslado a Granada, o Rexemento de Cabalería Cazadores de Victoria, onde se incorpora o 29 de novembro de 1900. Antes do traslado pasa unha

temporada na Coruña dende o 10 de xullo ata o 16 de setembro instalando unha batería de tiro rápido xunto cá plana maior do seu rexemento. Tamén é neste ano cando comeza o noivado con Concepción Carballo Lameiro, a filla de Ramón Carballo e María Angela Lameiro.

Xa en Granada, o Coronel do Rexemento, Carlos Palanca, ordénalle organizar unha academia para dar clases ós aprendices de ferrador e forxa. Inicialmente con 24 alumnos, Rof ten que dar conta a diario o Coronel da marcha das leccións, posteriormente estas leccións serán recopiadas nun tratado publicado polo veterinario 1º de Artilería da guarnición. A maiores, no seu tempo libre fai o mantemento e revisión das boticas de campaña e carteiras de cura dos escuadróns.

O estalido dun revolta na zona de Motril e Adra, cá queima de dúas fábricas do Marques de Larios polos prezos baixos da cana de azucre, fai que se mobilice o rexemento para protexe as fabricas restantes da zona. O 30 de marzo de 1901 ordénase a saída de dous escuadróns do rexemento e Rof Codina ofrece-se para acompañalos. En Motril, os cabalos deixan de comer e comezan a enfermar; Rof órdea que coman cabos de caña do azucre e melloran notablemente, feito que fai que o felicite oficialmente o Coronel. Isto permítelle ser autorizado para asistir as clases de Zooloxía, Mineraloxía e Botánica na facultade de Bioloxía que estaba preto do cuartel e poder así continuar os seus estudos.

A volta a Lugo é accidentada; co coñecemento de que é o número 1 para o ascenso, pídelles os pais de Concepción a súa man. Cando xurde unha praza vacante de Capitán e con dous meses de licenza volve a Lugo, contraendo matrimonio o 19 de maio e 1902. Unha modificación na quenda establecida, anula a vacante, tendo que regresar a Granada ata cinco meses despois que xurde outra vacante e é ascendido a Veterinario 2º o 10 de novembro. Quedará en excedencia o 27 de novembro de 1902, deixando definitivamente o Corpo de Veterinaria Militar e pasando a licenza absoluta no ano 1908.

De decembro de 1900 ata novembro de 1902 escribirá 30 artigos en xornais galegos, o que da idea da conexión con Lugo e o seu interese polas cuestións agropecuarias do momento. Ademais de estes artigos técnicos escribe publicacións de temática costumista utilizando o pseudónimo Guer Nim. Tamén nesta época é cando comezará a súa inquietude a favor dun maior recoñecemento social da profesión e da procura de posicións

máis relacionadas ca ciencia. Ademais escribe memorias como "Bosquejo sanitario-zootécnico, destinado al estudio de las ventajas del seguro aplicado a la ganadería en la provincia de Lugo" premiado o 6 de outubro de 1901 nos Xogos Florais de Lugo e publicado en 1904 pola Deputación de Lugo. Nesta memoria pon de manifesto a importancia da gandería para o desenvolto do país, e sinala unha das características repetitivas dos seus traballos posteriores como é a defensa do papel profesional dos veterinarios na mellora pecuaria.



Concepción Carballo e Rof Codina coa súa filla Ángela (1903). Arquivo Familia Rof Codina.

ACTIVIDADES

Actividade 9. Neste apartado, e nos seguintes, menciónanse diversas enfermidades animais. Do seguinte listado escolle unha enfermidade e debuxa un esquema do seu ciclo vital. Non esquezas anotar: axente causal, diagnóstico, síntomas e tratamento, As enfermidades ademais non afectan a todos os animais, e incluso algunha pode afectar os humanos, non esquezas sinalalo.

Enfermidades:

Agalaxia	Cisticercose (lentella) porcina
Cólera aviar	Coriza
Difteria aviar	Distomatose bovina
Distomatose ovina	Durina
Estrongilose	Febre aftosa (glospeda ou gripo)
Febre de malta	Influenza/gripe equina
Mal da sangue dos mulares	Mal rubio dos porcos
Mormo	Nacida (carbuncho)
Perincumonía	Peste aviar
Peste porcina	Pulmonía contagiosa dos porcos
Rabia	Sarna
Triquinose	Triquinose
Tuberculose bovina	Tuberculose porcina
Variola ovina	

Podes sinalar a maiores información sobre a súa incidencia nas poboacións, así como medidas de prevención das enfermidades.

Actividade 10. Un dos artigos de Rof Codina é sobre a Carne cansada. ¿A qué se refire con estes termos? ¿Cómo o solucionaban na súa época e como se soluciona agora?. Antes de buscar informacións propoñede hipóteses de que pode ser e comparádeo co resultado da vosa búsqueda.

Actividade 11. En grupos buscade información sobre enfermidades como a súa causa, os síntomas e consecuencias, que órganos afecta e o seu tratamento. Con todo isto facede póster ou presentacións para toda a clase. Completade o voso traballo co concepto de enfermidade obtido da Organización Mundial da Saúde (OMS). ¿Quedou algunha enfermidade que coñezas fora do listado de clase? Poñede exemplos dos diferentes tipos de enfermidades tanto animais como humanas que sexan infecciosas e non infecciosas.

Actividade 12. No artigo titulado “*La cuestión de la carne*” publicado no xornal “*La Idea Moderna*” denuncia as prácticas fraudulentas dos carniceiros. Para isto, insiste no alto porcentaxe de ganancia que este levan na compra venda da carne e pon como exemplo a diferenza entre os gastos na compra da res na feira e a súa matanza e os beneficios da venda da carne, claramente favorables os carniceiros. Lede o seguinte texto e contestade:

“*Nuestro objeto es demostrar que sin atentar contra los derechos que asisten a los tablajeros, puede tasarse el precio de la carne, hallándose Lugo de obtenerla más barata y mejor que la suministrada actualmente, sin perjudicar la ganancia de los expendedores que, considerados como pequeños industriales, no debe tolerárseles la avaricia que revelan, lucrándose en cerca de un*

treinta y cinco por ciento diario de interés al capital empleado.

... Para terminar, advertiremos al alcalde, por si sirve de algo nuestro consejo, que no debe admitir como disculpa á los tablajeros la razón de a escasez de ganado y lo elevado del precio en las ferias. Se necesita descaro para afirmar que no hay reses, cuando vemos salir un tren diario de Galicia cargado de ganado para otras provincias, y, respecto del precio, podemos asegurar que con la diferencia exigua de las oscilaciones propias de todo mercado, este es el mismo desde hace años.”

Contesta as seguintes preguntas:

- A/ ¿Canto gañan os carniceiros (“tablajeros”) con respecto o capital empregado?
- B/ ¿Qué causas indican para estas ganancias abusivas?
- C/ ¿Qué razóns expón Rof Codina para afirmar que non din a verdade?
- D/ ¿Qué medidas estableceríades para que fora un comercio xusto?

Actividade 13. No traballo “*La célula y sus funciones*” fala dos coñecementos sobre a célula en 1900. ¿Cales eran eses coñecementos? Indicade que cousas se coñecían sobre as células e os seus tipos e que cousas non se coñecían.

Actividade 14. Parte do seu traballo como veterinario militar era de Hixienicista. ¿Qué importancia ten a hixiene para a saúde animal? ¿É humana?. Facede un listado entre todos de medidas e costumes hixiénicas que fagades ben e mal; e neste caso, como podedes correxilas.

Actividade 15. Un dos problemas alimentarios é preservar sen contaminacións ou alteracións os alimentos o longo da cadea alimentaria. Pero, ¿Podías explicar que é a cadea alimentaria?. Escolle un alimento é segue a cadea alimentaria ata a súa orixe.

Actividade 16. Na biblioteca do teu centro, a través dos profesores ou buscando na rede, ¿Cales son os traballos de Pasteur sobre a nacida (carbuncho)? ¿Cál é a razón do interese de Rof Codina polos traballos de Pasteur? ¿Qué método desenrolou Pasteur?. Podes poñer exemplos do emprego desta metodoloxía.

Actividade 17. Existen diferenzas entre as vacinas e os soros, é dicir, ¿É o mesmo vacinación que soroterapia? ¿É o mesmo prevención que tratamento? En grupos de 4 construíde unha táboa cas diferenzas e poñede exemplos de ambos tipos de tratamentos.

Actividade 18. A industria azucreira era importante en Andalucía. Buscade información sobre a industria da cana de azucre e a súa importancia para España. ¿Ten algo que ver con Cuba dita industria?.

Actividade 19. No texto falase dun Marques. ¿Qué títulos nobiliarios coñeces? ¿Cales son os títulos nobiliarios no noso país e cál é a relación entre eles? Debuxa ou fai un esquema das relacións sociais de finais do século XIX, nos esquezas os ningún dos estamentos. ¿Podes sinalar as diferenzas ca estrutura social actual? ¿É noutros países, como é a súa aristocracia, e os demais estamentos?.

Redacción de "La Idea Moderna" Lugo (1904). De esquerda a dereita, Enrique Rodríguez Garrido, Julio Núñez González, Antonio Menéndez Franco, Jose Vega Blanco, Luis Gago Alonso e Juan Rof Codina



4. A Galicia de Rof Codina dende 1902 ata 1932

Xa de volta en Lugo, Rof Codina compaxina a actividade libre clínica con traballos para a administración. É neste período cando terá os seus fillos Ángela María (10 de febreiro de 1903, que morrerá en 1916), Juan Rof Carballo (11 de xuño de 1905, médico e ensaísta) e José Rafael (12 de febreiro de 1907, morto o 4 de marzo do mesmo ano por unha infección de erisipela) nados en Lugo; María (9 de abril de 1911), María Concepción (9 de setembro de 1913) e María del Carmen (10 de decembro de 1915) nadas en A Coruña.

4.1. A Gran Clínica Veterinaria

En canto o desenrolo profesional por libre, funda un consultorio que incluso chega a anunciarse en prensa en 1902, sendo aínda militar. Neste consultorio administra vacinas preventivas contra

a nacida, o mal rubio dos porcos e outras doenzas; e segue co seu papel de divulgación cunha campaña de vacinación masiva do gando por toda a provincia. Estes traballos levaran a fundación en 1905 da Gran Clínica Veterinaria co seu cuñado Jesús Carballo, recen licenciado en Veterinaria pola Escola de Santiago de Compostela. Será pioneira en España de este tipo e estaba situada no antigo local onde tiñan a ferrería o sogro, Ramón Carballo, e o cuñado, José Carballo. Nesta clínica Rof introduce cambios importantes reorienta as labores do taller de ferrado e intenta proxectar unha imaxe de modernidade, achegando a profesión a unha visión máis científica.

O 1 de xuño de 1903 aparece a "Revista Veterinaria", continuadora da "La Veterinaria Escolar" (1901) dirixida tamén por Juan Téllez na súa etapa estudiantil; con Juan Rof Codina como



Clínica de Jose Carballo precedente da Gran Clínica Veterinaria. Lugo 1903. Arquivo Familia Rof Codina.

redactor xefe. Publicada mensualmente con artigos científicos tanto españois como internacionais terá como colaboradores ós profesores do claustro compostelán como Roberto Nóvoa Santos, Emilio Tejedor, Abelardo Gallego, Demetrio Galán o Juan Manuel Díaz Villar. O sétimo número será o derradeiro e publicarase en xaneiro de 1904. Continuaran esta labor dende a Gran Clínica Veterinaria cando en 1908 publicaran un boletín onde se describen e publicitan as actividades que realizan; así como os servizos que ofrecen como visitas a domicilio, operacións cirúrxicas, inspección de substancias alimenticias, peritaxe veterinario, vacinación ou soroterapia. No boletín da Gran Clínica Veterinaria colaboraran estudantes de veterinaria como José María Fontela Vázquez.

A clínica tiña unha sala de operacións perfectamente equipada,

unha cabaleriza-hospital e un taller de forxa e ferrado. Ademais, os animais operados facíanlle un seguro que non era práctica habitual de ferradores e menciñeiros. O feito máis trascendente foron os servizos de soroterapia e vacinación, pois conseguen a representación das vacinas e soros do Instituto Pasteur de París, para Galicia e Asturias; e incluso producen vacinas contra variola humana a partir da linfa de becerras inoculadas. Tamén serán dos primeiros en facer campañas masivas de vacinación sobre todo contra a nacida, o mal rubio dos porcos e o mal da sangue dos mulares. Por último, cabe engadir un servizo de información zootécnico que resolverá consultas sobre alimentación do gando, deseño das cortes ou metodoloxías de explotación. A Gran Clínica Veterinaria servirá de plataforma para a creación de outros consultorios veterinarios en Lugo, como o establecido por Gonzalo Pozo e Daniel Varela en 1909.

ACTIVIDADES

Actividade 20. Na “*Revista Veterinaria*” colaboran científicos e profesores da universidade de Santiago como Roberto Nóvoa Santos, Emilio Tejedor, Abelardo Gallego, Demetrio Galán o Juan Manuel Díaz Villar. En grupos de 3-4 escollede un e facede unha biografía de eles.

Actividade 21. Rof Codina leva a cabo campañas de vacinación masiva contra a nacida en Lugo e arredores. A súa filla Carmiña relata a seguinte anécdota, tomada da Conde Gómez (2013) que “*un día ao chegar dunha desas xornadas, o seu sogro don Ramón Carballo, preguntoulle o seu regreso de vacinar, si iso lle daba cartos. Rof Codina sacou un duro do peto. Don Ramón mirouno e díxolle que o deixara, iso non eran cartos para un veterinario. Rof calou e sacou outro duro, e outro ata 500 pesetas. Don Ramón, acostumado a que os seus ingresos proviñan principalmente do traballo de ferrador, sorriu e tamén calou*”. Tendo en conta a seguinte táboa, contesta:

VISITAS E CONSULTAS	PREZO (Pesetas)
Por unha visita en Lugo a menos dun quilómetro	2,00
Por unha visita en Lugo a menos de 5 quilómetros	4,00
Por unha visita en Lugo a menos de oito quilómetros	5,00
Por unha consulta verbal e emitir ditame sobre o tratamento	2,00
Por unha consulta por escrito	3,00
Por unha consulta en compañía doutro profesor	10,00

SOROTERAPIA E VACINACIÓN	
Soro antidiftérico, frasco de 10 centímetros cúbicos	5,00
Soro antitetánico para especie humana, frasco de 10 centímetros cúbicos	5,00
Dose de maleína para un cabalo (Muermo dos cabalos)	1,50
Vacina contra a nacida do gando, tubo para 10 reses maiores, primeira e segunda inxección	8,00
Virus Danisz, número 1, contra as ratas	2,00
Virus Danisz, número 2, contra as toupas	3,75

A/ ¿Cantas reses vacinou nun día Rof?

B/ ¿Se ademais tivo que viaxar o pobo do lado (5 km)?

C/ ¿Cantos euros suporía actualmente?

D/ Corrixe o cálculo anterior tendo en conta que os prezos das cousas fai cen anos non era o mesmo que agora.

E/ Na táboa aparece un Virus contra ratas e toupas. ¿Qué tipo de tratamento é?

Actividade 22. O ser representantes do Instituto Pasteur dispoñen dos seguintes tratamentos: soro antidiftérico, anties-treptococico, de maleína e tuberculina, vacinas para a nacida, mal rubio dos porcos, cólera das galiñas, o virus Danisz das ratas e toupas ou contra a variola ovina. En parellas buscade información sobre que tratan cada un de eles, diferenciade si son preventivos ou curativos de enfermidades e como se administran. ¿Seguen usándose actualmente algún de eles?

Actividade 23. Divide a clase en 4 grupos de igual número de alumnos e seleccionade un dos catro temas seguintes: Vacinas; Soros; Tuberculose e Variola. Cada grupo traballará o seu tema e elaborará un informe. A continuación, refanse os grupos, os novos grupos terán un membro de cada un dos 4 grupos anteriores. Este membro actuará como especialista no tema e explicará o seu tema o resto do grupo que deberá escribir unha descrición de cada un dos temas explicados.



Anuncio da Gran Clínica Veterinaria (1908). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



Anuncio da Gran Clínica Veterinaria (1911).

4.2. O papel de Rof Codina no Agrarismo

Entre 1901 e 1903 surxíu “*La Crónica del trabajo*” de tirada mensual e editada en Santiago onde o movemento rexeneracionista do agro expresa os seus anelos e ideas. Rof escribe nela que o fraccionamento da propiedade supuña un límite o crecemento da produción, sen alterar isto, era imposible o incremento, e cando se fai conleva a migración da poboación rural ou a venda de reses que non se poden alimentar. Rof Codina soporta críticas de medios galegos que o acusan de querer depender de Madrid para calquera decisión; se ven é certo que Rof reclama un cambio estatal na política onde denuncia prexuízos cara o sector primario galego fronte a outras rexións do estado.; pero non era un discurso moi diferente do feito polos seus acusadores.

Rof Codina considera que os seus coñecementos deben estar a disposición do campo galego, por iso se incorpora o movemento social-agrario, asumindo o compromiso agrarista. No ano 1903



Anuncio do consultorio veterinario de Rof Codina (1902)



Portada do Boletín da Gran Clínica Veterinaria (1908). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



Anuncio da Gran Clínica Veterinaria (1910).

aparece a revista quincenal coruñesa “Prácticas Modernas”, sucesora de “La Crónica del trabajo”, onde colabora no consello de redacción e que introduce a Rof no círculo intelectual progresista galego. Isto levarao a formarse como agrarista e a ter contacto e coñecer os traballos, que terán gran influencia sobre el, de persoeiros como Cruz Gallástegui, Antonio Carballo Tenorio, Enrique Hervada, Jose Gradaille., Arturo Casares Quiroga, Bartolomé Calderón, Jose María Hernansaez ou Valeriano Villanueva.

Dita revista, voceira das ideas da Cámara Agrícola da Coruña, vinculada o movemento “Solidaridad Gallega”, terá gran difusión e publicarase ata 1913. Logo incorporárase, como sección fixa adicada a Galicia, Asturias e Cantabria e dirixida polo propio Rof Codina, á revista barcelonesa “El Cultivador Moderno”. Dita colaboración permíttelle participar e formarse no movemento solidario e recibir unha visión completa dos problemas socio-

conómicos de Galicia. Rof aporta experiencia técnica nun grupo sen formación agraria, feito que facilita a linguaxe didáctica da revista e cumprirá con ese papel divulgador que Rof perseguía. O seu primeiro artigo é unha resposta a unha consulta sobre o carbunco no apartado “Consultas gratuitas” en 1906.

Nese mesmo ano actuará de secretario do II Congreso Rexional Agrícola e Gandeiro en Lugo conseguindo maior notoriedade e xa nos seus primeiros artigos mostra un coñecemento amplo dos problemas do agro galego. Tamén é cando se discuten varias medidas de mellora do gando como a selección do método para mellorar o gando, punto que é onde máis discrepan Rof Codina e Leopoldo Hernández Robredo. Este último aposta por cruzamentos selectivos mentres que Rof Codina e o grupo englobado en “Prácticas Modernas” apostan pola selección en pureza. Polémica que durará bastante tempo no medio rural

galego tanto entre labregos como entre técnicos, aínda que estudos posteriores parecen demostrar que os cruzamentos non tiñan relevancia na estrutura xenética da Raza Rubia Galega e que a selección dos exemplares é unha técnica máis axeitada de mellora do gando.

Durante este congreso apostase pola liña da selección dirixida, que apoia Rof, e en paralelo se celebra o 1º Concurso Rexional de Gando Vacún do País onde se dan premios exclusivos para raza do país e déixanse diplomas para vacún estranxeiro ou mestizos. Neste punto si están de acordo Rof Codina e Robredo, na valoración obxectiva do gando por métodos zoométricos empregando o método Lydtin. Dito método considerábase o mellor método para establecer os defectos e necesidades dunha raza e así poder tomar medidas correctoras. Está relación entre os concursos e a mellora da gandería dunha zona fai que Rof Codina o utilice e faga propaganda de este método en diferentes ocasións. Mesmo inventou o Compás Rof para lograr unha máis perfecta forma de medición que patenta e comercializa nos anos 20.

Outro punto que é imprescindible para Rof, é determinar e cumprir un Plan de Mellora axeitado, para iso escribe: “Para llegar al fin de un camino es necesario trazar este primero. Pues bien, para mejorar nuestras razas vacunas es preciso señalar que es lo que queremos conseguir, porque sin Norte fijo donde dirigirnos es imposible que lleguemos a ninguna parte. Bajo el triple concepto de ganado, que produce carne, leche y trabajo se utiliza en Galicia al ganado bovino. Estas tres cosas en un mismo ejemplar no es posible llevarlas a la perfección, así que hay que inclinarse por una cosa o por otra”. Como se ve neste texto, Rof



Detalle do Boletín da Gran Clínica Veterinaria (1908). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



Anuncio da Gran Clínica Veterinaria (1914).

aposta por unha especialización do gando galego; será durante os anos seguintes cando se resolverá a cuestión e será testemuño o propio Rof Codina. O aumento do consumo de leite e o desenvolvemento das industrias asociadas incrementa a cotización do vacún leiteiro o que conleva que o debate de mellora se fora cara a especialización na produción de leite. Cabe sinalar que

Rof xa entón publicita e usa un sistema obxectivo para o estudo de rendementos lácteos dos animais que é o sistema 6-5-8. Este sistema consiste en medir o leite producida durante 24h do 6º día da semana despois do parto, dun día do quinto mes e dun día do oitavo mes de lactación, as cantidades sumábanse e multiplicábanse por 100. Os datos publicados nas estatísticas agrarias mostran que o sistema implantado por Rof e os outros técnicos aumentou un 40% a produción láctea.

En 1907, Rof Codina escribe un traballo onde fai unha clasificación do gando vacún que está tomada da memoria presentada en 1891 titulada "*Gandería en España*" que ten como base a procedencia xeográfica e na cor da súa capa. O ano seguinte no Boletín da Gran Clínica Veterinaria escribe un traballo máis extenso incidindo na mesma clasificación, sinalando as características morfolóxicas, fisiolóxicas e patolóxicas da raza, e mencionando os mestizos de raza galega con gando Vianés destinado para o traballo e o cruce con Simmental sen especificar o seu uso.

Unha proba desta notoriedade acadada no congreso e do recoñecemento social do seu traballo é a súa integración e participación na constitución do Ateneo Lucense en xaneiro de 1908, do que será vogal da sección de ciencias Naturais, Físico – Matemáticas; tamén como membro do Consello de Agricultura e Gandería e da Cámara de Comercio de Lugo en febreiro de 1908. Posteriormente, formará parte de diferentes sindicatos agrarios de perfil católico, ou como vogal en 1918 na xunta directiva provincial de A Coruña da Asociación Xeral de Gandeiros do Reino (AXGR).

Tamén formará parte das tres Asembleas Agrarias celebradas



José María Fontela Vázquez (1914).



Rof Codina e Jesus Carballo na Gran Clínica Veterinaria (1908). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



Rof Codina vacinando contra a Nacida. (1910).



Rof Codina inoculando reses fronte a nacida (1911).

en Monforte presididas por Rodrigo Sanz; pero será na IV Asemblea de Ribadavia celebrada entre o 9 e 11 de novembro de 1912 cando acade maior protagonismo. Nesta Asemblea, Basilio Álvarez de "*Acción Gallega*" intenta darlle maior importancia a campaña de axitación empregando a superioridade de representación na Asemblea e que o seu xornal sexa o portavoz do movemento agrario en contraposición de "*Prácticas modernas*". Será Rof Codina que se enfrente e defenda a liña das Asembleas como medio para o pensamento da acción, non para a acción, Rof apoia unha liña tecnócrata de debate pausado e de reformas técnicas.

Xa desaparecida "*Acción Gallega*", a VI Asemblea Agraria celébrase en outubro de 1915 en Redondela baixo a presidencia do propio Rof Codina. Nesta Asemblea se redirixen as asociacións agrícolas para converterse en órganos económicos que impulsen a produción. Nesta Asemblea solicítase:

- O Ministerio de Instrución Pública unha dotación para que a Escola de Veterinaria de Santiago cumpra un papel no progreso pecuario galego.
- Que os Inspectores Municipais de Hixiene e Sanidade Pecuario sexan obrigados a dar cursillos de coñecementos pecuarios ós sindicatos e sociedades agrícolas dos seus concello.
- E que a Deputación pensione a asistencia de cursillos pecuarios na Escola de Santiago.

Por último, nesta Asemblea decídese organizar a seguinte en Santiago e nomease a Rof Codina presidente da Comisión Organizadora. Está asemblea non terá lugar e quedará postergada ata agosto de 1919 cando se peche o ciclo ca VII Asemblea Agraria na Coruña.

ACTIVIDADES

Actividade 24. O agrarismo foi un movemento no que o campesiñado participou de forma activa. Era un movemento asociativo favorecido polas Leis de Asociacións e Cámaras Agrarias de 1887 e de Sindicatos Agrícolas de 1906. Empezaron sendo reivindicativos e de formación cultural e ideolóxica dos labregos sobre todo as Asociacións e Cámaras; mentres que os sindicatos eran moito máis prácticos como adquisición de fertilizantes, maquinaria, no seu comezo. Buscade en grupos información sobre este tipo de organizacións do teu concello nesa época e investigade cómo evolucionaron o longo do século XX ata hoxe. Se seguen existindo invitádeos a dar unha charla o voso centro, e se non existen podedes buscar organizacións que cumpran unha función similar.

Actividade 25. “Solidaridad Gallega” e “Acción Gallega” son dúas organizacións citadas no texto. Facede un póster onde poñades a historia destas organizacións e doutras similares actuais que teñan unha ideoloxía similar. ¿Poderías indicar cales serían as ideoloxías en desacordo? ¿Pódese trasladar isto os partidos políticos da época ou da época actual?.

Actividade 26. Investigade algún dos seguintes personaxes relacionados con Galicia, intentade crear un mapa conceptual que una todos estes nomes:

Alexandre Bóveda	Alfredo Brañas
Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao	
Ángel Casal	Antón Vilar Ponte
Antonio Carballo Tenorio	Anxel Fole
Aureliano Pereira	Bartolomé Calderón

Cruz Ángel Gallastegui Unamuno

Domingo Fontán	Eduardo Pondal
Enrique Hervada	Eugenio Carré Aldao
Eugenio Montero Ríos	Galo Salinas
Jose Gradaille	Jose María Hernansaez
José Rodríguez Martínez	Juan Vázquez de Mella
Manuel Curros Enríquez	Manuel María
Manuel Murguía	Moreno Barcía
Ramón Cabanillas	Ramón Otero Pedrayo
Ramón María del Valle Inclán	Rosalía de Castro
Santiago Casares Quiroga	Valeriano Villanueva
Vicente Risco	Xosé Filgueira

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Podedes engadir máis personaxes da vosa vila ou coñecidos por algún de vos. Tamén podedes facer o mesmo seleccionando só os personaxes científicos ou literarios soamente. Podedes obter información sobre os científicos no Álbum da Ciencia (<http://www.culturagallega.org/albumdaciencia/>) e construír esquemas por campos de coñecemento.

Actividade 27. No texto aparecen revistas e xornais galegos, e cítanse máis o longo da unidade. Investigade si na vosa vila existiu algún xornal ou revista durante o século XIX e século XX. Non esquecer: fundación, tirada, liña editorial, temáticas, seccións e a súa desaparición, se xa non existe. Se existe, podedes organizar unha visita para saber como se fai unha revista ou xornal na actualidade e podedes comparalo a como se facía nesa época.



Concurso de gandos de Carballo (1911). Público presenciando a cualificación dun becerro polos veterinarios Ignacio Varela, Santos Romero e Rof Codina.



Rof Codina (sentado, terceiro pola dereita) coa redacción da Voz de Galicia. (1912).

Actividade 28. Usade a imaxinación e debuxade un Toro e unha Vaca a escala (1:20) nun papel. Podedes facelo a tamaño real se tedes papel de embalaxe ou un prego de papel suficientemente grande. Investigade sobre o método Lydttin e tomade as medidas que poidades seguindo o método. Comparade os

resultados cos compañeiros e outras clases do centro que fixeran o mesmo. Tamén o podedes comparar o curso seguinte cos datos do ano anterior. ¿Qué método existe actualmente para as medidas zoométricas? Repetide a actividade facendo as medicións por este método ou por outro método que encontredes.

Concepción Carballo Lameiro, con dous dos seus fillos, Angela María e Juan Rof Carballo (1909). Arquivo Familia Rof Codina.



4.3. Inspector de Hixiene Pecuaria de A Coruña

En 1905 é nomeado Inspector provincial de Veterinaria de Lugo, pasando a interino o 15 de abril de 1908 na praza de Inspector de Hixiene Pecuaria de Lugo sempre compaxinando cá súa labor profesional por libre. Entre 1908 e 1910, participa na oposición para Inspector de Hixiene Pecuaria, tocándolle nun dos exercicios defender e expoñer o carbuncho bacteridiano, tema do que tiña amplos coñecementos e co que aproba, quedando segundo da promoción e escollendo a Inspección Provincial de A Coruña. É nomeado pola Real Orde do 23 de febreiro de 1910 Inspector de Hixiene Pecuaria e Sanidade Veterinaria de 1ª clase da Coruña. Esta primeira promoción será a precursora do actual Corpo Nacional Veterinario.



Rof Codina (arriba, cuarto pola dereita) na III Asemblea de Monforte. (Monforte, 1911).

En marzo de 1910 trasládase A Coruña e dende o seu posto convertese en partícipe directo do desenvolvemento pecuario galego. Colabora con Leopoldo Hernández Robredo na Granxa Agrícola de A Coruña, entra no padroado da Misión Biolóxica de Galicia, onde coincide con Cruz Gallástegui, ou na creación da Sociedade de Amigos das Arbores xunto con Jose María Hernansáez. A partir de 1911, colabora cá Escola de Santiago nas excursións científicas para que os alumnos de quinto curso puidieran completar a súa formación.

Dende ese posto inicia unha intensa labor publicista que se centra na loita contra a nacida, o gripo e o mal rubio dos porcos; o desenrolo e promoción do cooperativismo gandeiro e o establecemento das bases para a mellora da raza bovina galega. Rof entende que cá falta de medios materiais e humanos cualificados, a mellor solución para o control pasa pola formación dos gandeiros.

En 1912 publica o libro *“Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la agricultura”*, memoria premio de Don Manuel Linares Rivas nos xogos florais organizados pola sociedade *“Liceo de Artesáns de Monelos (Coruña-Oza)”*. Neste libro sinala as principais liñas de acción do progreso agropecuario galego nun contexto de mellora e aproveitamento do medio tendo en conta a situación galega. O seu pensamento sinala nesta obra como modelo de desenvolvemento do agro o levado en Dinamarca ou Holanda, considera que é o máis axeitado para Galicia e baseado na Cooperación e na Instrución. A repercusión desta proposta é ampla e comeza a implantarse en diferentes



La Ganadería como riqueza y factor de bienestar social. (1914). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Portada de “Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la Agricultura” (1912). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



LOS HOMBRES DE VALIA Un bienhechor de Galicia



D. JUAN ROF CODINA
a quien tanto debe el progreso agrícola-pecuario de nuestra región.




Leopoldo Hernández Robredo.

D. LEOPOLDO HERNANDEZ ROBREDO
Ingeniero director de la Granja Agrícola, de La Coruña.

Juan Rof Codina. Viñeira (1917).



Rof Codina (sentado no centro coa súa filla) no Concurso de Gandos de Cuntis (1920).




Rof Codina nun concurso gandeiro celebrado en Cuntis. (1920).

sociedades agrarias como a de Ortigueira, a Mutual Pecuaria de Negreira-Naña, Cerdido ou Arca, sendo tamén adoptadas polo partido galeguista no seu programa político. O propio Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao en "*Sempre en Galiza*" citará a Rof Codina para sinalar que a decisión do Goberno respecto ós aranceis impostos merman a competitividade pecuaria galega. Neste mesmo ano, Rof publica un estudo comparativo de 50 reses do país, medicións obtidas no Concurso de Gandos de

Ortigueira de 1911. En maio do ano seguinte no marco do III Concurso Nacional de Gando en Madrid, da a coñecer o método de apreciación empregado para a raza galega e que é unha reprodución do traballo titulado "*Estudio de los principales grupos indígenas de ganado bovino del norte de España*" publicado máis tarde pola Asociación Xeral de Gandeiros do Reino. Neste concurso tamén se premia unha memoria de Rof titulada "*Los concursos de ganados como medio de fomentar y clasificar la ganadería*".

O modelo Danes vaino utilizar en outras ocasións, por exemplo, na conferencia pronunciada na "*Universidade Popular*" de A Coruña o 10 de marzo de 1914 baixo o título "*La Ganadería como riqueza y factor de bienestar social*". Incluso chega a solicitar, aínda que non a consegue, unha axuda a Xunta de Ampliación de Estudos o 2 de abril de 1921 para unha pensión de seis meses e poder estudar a organización gandeira e explotación económica do gando en países como Francia, Suíza, Bélxica, Dinamarca e Alemaña.


Cabe sinalar que o acercamento de Rof Codina a posturas pro-



Bastón zoométrico ROF. Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



Medición dunha res co Bastón zoométrico ROF. Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.




La raza bovina gallega (1916). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

fesionalizantes e alonxadas do ferrado e forxa, así como a seus modelos baseados na Europa Atlántica; fai que os máis conservadores da profesión o acusen de falta de corporativismo. O que está moi alonxado da realidade, pois Rof Codina é un firme defensor da súa profesión fronte os principais problemas que a afectan como a defensa do mantemento da Escola de Veterinaria e Santiago, na reforma do plan da ensinanza de 1912 ou como impulsor do asociacionismo colexial en Galicia.

Se ben é a publicación do libro "*La Raza Bovina Gallega*" en 1916 cando Rof se converte nun referente do discurso agropecuario galego sendo este período o máis prolífico tanto na divulgación

como na publicación de traballos. Aínda que a súa labor divulgadora desde inspección non é única senón que compartida cos outros inspectores dentro dun movemento rexeneración e dignificación da profesión veterinaria. Nesta monografía premiada pola Asociación Xeral de Gandeiros do Reino onde pon por escrito as bases do morfotipo do que logo será a Raza Rubia Galega, facendo unha nova clasificación e reducindo a catro as posibles variedades do vacún galego. Isto é resultado da medición e reseña de máis de 2.000 reses en máis de 40 concursos de gando de toda Galicia. Tamén sinala e describe como é o uso da terra en Galicia en pequenas explotacións familiares combi-



Proposta de Rof Codina para unha explotación porcina en A Coruña. 1921.



Enfermedades infecto-contagiosas reinantes en la ganadería gallega y medidas para combatirlas y evitarlas. (1928). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



nando agricultura e gandería; pero a pesar de ser pequenas en conxunto acadan un alto valor económico. Sinala ademais que a falta de censos fai que se teñan que estimar os números de cabezas de vacún, o que complica a posta en valor para a economía galega das explotacións. Finalmente, sinala os métodos de produción axeitados, a mellora na alimentación e hixiene gandeira e as súas deficiencias, os diferentes sistemas de venta e transporte gandeiro, así como consellos para mellorar todos estes procesos.

Entre o 2 e 4 de outubro de 1915 celebrase a Asemblea Rexional Veterinaria na Escola de Veterinaria de Santiago. Nela constitúese a Federación Rexional de Veterinarios Galegos que será a segunda do seu tipo en España tras Cataluña e terá como primeiro presidente a Juan Rof Codina. Aínda que desaparecerá meses máis tarde será a semente de posteriores intentos de asociacionismo que terán en Rof Codina a un dos seus principais promotores. No ano 1917 nace a Sociedade da Defensa da pro-

fesión en Compostela que volve ser outro intento fallido pero que en paralelo tamén se funda a Unión Veterinaria da provincia de A Coruña. Pero será en 1920, o 10 e 11 de xaneiro durante a Asemblea Rexional de Veterinarios de Galicia celebrada na Escola de Veterinaria de Santiago onde se forme o Sindicato Rexional de Veterinarios de Galicia, que quedará constituído oficialmente o 31 de xaneiro de 1920 e con domicilio social na casa de Rof Codina en A Coruña. Sendo este último presidente do Comité Rexional e Félix Gordón Ordás presidente honorario. Este sindicato transformárase no Colexio Profesional que aínda existe actualmente en torno a 1922, sendo Rof Codina presidente do Colexio Provincial de A Coruña ata o 31 de decembro de 1929. Durante o seu mandato ponse en marcha o "Boletín del Colegio Oficial de Veterinarios de La Coruña" e o "Boletín Oficial de los Colegios Veterinarios de Galicia".

Entre o 18 e 23 de maio de 1922 celebrase a II Asemblea de Unión Nacional Veterinaria en Madrid, onde se unifican as

correntes que existían na Veterinaria. Por unha banda os conservadores, representados na figura de Dalmacio García Izcara, e por outra, os progresistas, representados por Félix Gordón Ordás. Este será o xerme da actual Organización Colexial Veterinaria o por en marcha as bases da Asociación Nacional de Veterinaria Española (ANVE) que se oficializará o 17 de abril de 1923. Nesta Asemblea, Rof presenta un comunicación das 14 expostas titulada "Influencia que puede ejercer la Unión Nacional Veterinaria, en el progreso de los servicios de Higiene Pecuaria y medios de hacerla efectiva". Tamén exercerá a docencia na Granxa coruñesa a raíz da instalación da Escola de Peritos Agrícolas entre 1919 e 1923.



Orla da 1ª Promoción de Inspectores de Hixiene Pecuaria e Sanidade Veterinaria (1910). Rof Codina situado na terceira fila, terceira columna pola esquerda. Fonte: Asociación del Cuerpo Nacional de Veterinaria.

Familia Rof Codina.
(1925). Arquivo
Familia Rof Codina.



Excursión Práctica Veterinaria. Alumnos do último ano da escola de Veterinaria de Santiago na finca do Marques de Loureda. 1911. De esquerda a dereita: Eulogio Castro Rivas, alumno; Pedro González, catedrático; Ramiro Oliveira, alumno; Jose Fentanes, alumno; Benito González Somoza, alumno; Jaime Fábregas, alumno; Juan Rof Codina, Inspector Pecuario de A Coruña, Marques de Loureda, Ramón Pérez Baselga, veterinario militar; Jose Gradaille, director de Prácticas Modernas; e Manuel Casal, alumno.



O 13 de xullo de 1924, Rof Codina publica un polémico artigo en prol do mantemento da Escola de Veterinaria de Santiago que será pechada en 1924 para converterse nun cuartel de infantaría. A prensa compostelá ve interese de Rof en pechala mentres que todas as manifestacións de este último son de defensa da Escola. Esta defensa xa ven dunha primeira referencia en 1914 cando se comeza a cuestionar o uso do Pazo do Hórreo e se continua en abril de 1921 en diferentes artigos publicados no "El Ideal Gallego". Durante o I Congreso de Economía Galega celebrado en Lugo o 7 e 8 de outubro de 1925, Rof Codina, Pérez Bustamante, Luis Soto Menor e Manuel López Gutiérrez solicitan a inclusión nas conclusións aprobadas do congreso na sección de ensinanza unha petición para restablecer de novo a Escola de Veterinaria de Santiago. A idea do establecemento da Escola ou Facultade de Veterinaria en Galicia é un tema repetido e continuo nos seus escritos o longo de varias décadas ata súa morte; en 1944 con motivo do Plan Agrícola de Galicia ou en



Rof Codina (1) xunto a Cruz Gallástegui (2) e Gordón Ordas (3), nunha Comida Veterinaria. (s.d). Arquivo Familia Rof Codina.

1952 coa aparición de epidemias animais importantes.

En 1926, o 10 de xuño, é elixido académico na Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para a sección de Anatomía e Fisioloxía normais e patolóxicas. Ingresa o 28 de decembro de 1929 co discurso "Importancia Social del Veterinario en Galicia" onde sinala as liñas que debería seguir a profesión veterinaria: clínica, sanitaria, zootécnica, educadora e científica. Xa durante a Ditadura do Xeneral Primo de Rivera, Rof Codina xunto con gran parte da clase veterinaria organizaran o 25 de agosto de 1929 en Santiago a X Comida Veterinaria para homenaxear a Gordón Ordás que era froito dunha persecución política por parte do réxime ditatorial. Durante a xornada intervéñen Rof Codina, o propio Gordón Ordás e María Cerrato, primeira muller veterinaria. No seu discurso Rof Codina volve incidir na necesidade de recoñecemento da labor do veterinario, propón solicitar que os servizos relacionados cá gandería e as súas industrias sexa exclusivo da profesión veterinaria e laméntase da



Rof Codina cos alumnos de Veterinaria. 1911. Medindo unha res e apreciando o grado de cebamento.

desaparición da Escola de Veterinaria de Santiago.

Tras a homenaxe, o réxime de Primo de Rivera fai un segundo traslado forzoso en masa de once inspectores de Hixiene e Sanidade Pecuaría por Real Orde de 10 de setembro de 1929, sendo Rof Codina un dos afectados e trasladado a Córdoba. Rof Codina solicita licenza para poder asistir ó I Congreso Veterinario ó ser nomeado vicepresidente do mesmo e posteriormente toma posesión o 19 de outubro de 1929 en Córdoba. O congreso celébrase entre o 5 e o 15 de outubro de 1929 coincidindo cá Exposición Internacional de Barcelona, Rof é designado para facer un relatorio sobre Zootécnica pero o non poder asistir, será a súa filla María quen lea o relatorio onde fai constar o seu malestar polo traslado. Pero nesta exposición ofrécese un dos máis acertados análises de Rof Codina, considerar que o maior erro das melloras pecuarias é aplicalos de forma xeral sen ter en conta as particularidades rexionais.



Juan Rof Codina (No centro con chapeu na man) na inauguración do Ateneo Escolar Veterinario de Santiago (1922).

EN DEFENSA DE LOS INTERESES REGIONALES
La Escuela de Veterinaria de Santiago, no debe convertirse en un cuartel. El edificio de la Escuela de Veterinaria, ni debe, ni puede ser cuartel de Artillería.
 Redactado y publicado en el "El Cultivador por Santiago"
La Escuela de Veterinaria de Santiago
 Serán los que debe prestar para realizar su máxima de utilidad a la ganadería regional

Artigos de Rof Codina en defensa da Escola de Veterinaria de Santiago.



Traballos do V Concurso Nacional de Gando de 1926. Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



Anuncio de "El Cultivador Moderno" (1919).



Anuncio de venda de remolacha (1923).

Tras solicitar unha prorroga por enfermidade o 11 de decembro de 1929 e ser desestimada, ten que presentarse en Córdoba. O 9 de xaneiro de 1930 presentase no seu destino, este traslado desperta un sentimento de apoio a Rof Codina dende diversas asociacións e sindicatos agrícolas, así como da prensa galega. Rematada a Ditadura de Primo de Rivera o 28 de xaneiro de 1930, Rof envía un requirimento o 13 de febreiro onde solicita a súa restitución na praza de A Coruña. Na Real Orde do 17 de febreiro de 1930 é suspendido o traslado grazas as presións da sociedade coruñesa e a propia insistencia de Rof. Ca proclamación da Segunda República celébrase en Madrid entre o 3 e o 6 de xullo de 1931 a Asemblea de Inspectores provinciais de Hixiene e Sanidade Pecuarias onde Rof e outros requiren que se lle den explicacións polos traslados e expedientes abertos. En 1932 será nomeado Conselleiro Xeral Veterinario do Consello Superior Pecuário pertencente a Dirección Xeral de Gandería.



Abastecimiento de carnes y organización racional de los Concursos de Ganados en Galicia (1920).



Rof Codina cuns carneiros de raza ovina galega (1918).

A Asociación Xeral de Avicultores na súa Asemblea Oficial Pro Avicultura celebrada en Madrid o 24 e 25 de novembro de 1934.



ACTIVIDADES

Actividade 29. Rof Codina fala dos mecanismos de produción agraria. Investiga como era o sistema económico de finais do século XIX e que sucedeu despois da perda de Cuba cá economía española. Tamén debatede como os mecanismos de produción cambian en paralelo os cambios políticos e sociais durante a ditadura de Primo de Rivera, a Segunda República, a Guerra Civil e o réxime Franquista. Non esquezades debater sobre que sistema é mellor, o de pequenos propietarios da terra ou os grandes territorios de grandes propietarios. Ademais, no caso de Galicia débese falar tamén da economía relacionada cá pesca e a construción naval. Buscade noticias de prensa sobre este último nos xornais galegos actuais.

Actividade 30. Investigade en que consisten os Xogos Florais e intentade organizar algo similar no voso centro.

Actividade 31. O centro da Escola de Veterinaria de Santiago ten hoxe en día outro uso. Buscade información sobre dito centro e facede unha liña cronolóxica co que sucedeu nese edificio dende que se construíu. Podedes facer o mesmo con outros edificios da vosa cidade como o concello, unha igrexa, o voso centro ou edificio da vila.

Actividade 32. Un dos principais temas tratados e reivindicados por Rof Codina é o asociacionismo e a profesionalización da Veterinaria. Ademais, se preguntades alguén sobre os colexios profesionais diranvos os médicos. Investigade que outros colexios profesionais existen e que defenden cada un deles. ¿Qué característica teñen en común os colexios profesionais? ¿É obrigatorio colexiarse en todas as profesións ou existen excepcións? Buscade nas páxinas web de cada colexio sobre os

códigos deontolóxicos profesionais e comparádeos construíndo unha táboa resumen.

Actividade 33. Entre as funcións do Inspector de Hixiene Pecuaria estaban o estudo das enfermidades máis comúns do ganado da provincia, a súa descrición e os medios para previr e curalas, evacuar as consultas que os gandeiros e asociacións lle fixeran, e redactar anualmente unha memoria de dito traballo. Estaban obrigados a residir na capital da provincia e tiñan a súa oficina na Estación Pecuaria, ou no seu defecto na Sección Agronómica. O seu soldo estaba entre 2500 e 6000 pesetas anuais e era un cargo incompatible con calquera outro destino e co exercicio da profesión. Comparade as funcións, condicións e obrigacións do traballo que tiña Rof Codina con calquera profesión da vosa elección actual. Construíde entre todos un mural cas profesións e as condicións de traballo, engadírlle os estudos e como se chega a conseguir ese traballo.

Actividade 34. A Xunta de Ampliación de Estudos é un organismo que se fala no texto. Investigade en que consistía e que foi de este organismo durante o século XX.

Actividade 35. No texto mencionase a María Cerrato, primeira muller veterinaria. ¿Cales son as condicións laborais da muller na época de Rof Codina? Buscade información sobre as condicións laborais e sobre a incorporación da muller as diferentes profesións e carreiras universitarias.

5. As mudanzas: República, guerra e posguerra

O período comprendido entre 1932 e 1942 é complicado na vida de Rof Codina, por un lado os tempos da segunda república cheos de traballo e cambios, seguidos dunha cruenta guerra civil que trastoca todos os plans, seguido finalmente do sufrimento dun proceso de depuración franquista que se salda co seu traslado forzoso, primeiro a Sevilla e logo a Tenerife.

5.1. Dirección Xeral de Gandería

Ca chegada da Segunda República prodúcese unha reestruturación da administración, crease a Dirección Xeral de Gandería e Industrias Pecuarias o 30 de maio de 1931. Dita dirección unificará os diferentes aspectos da veterinaria que nese momento estaban distribuídos por varios ministerios e que seguirá cunha estrutura similar ata 1971, sendo reinstaurada dende 1998 ata 2008. Nesta dirección Rof Codina será nomeado, por decreto o 10 de decembro de 1931, Conselleiro Xeral Veterinario do Consello Superior Pecuário, deixando a Inspección Provincial de A Coruña o 24 de decembro de 1931. Diferentes institucións organizanlle en 1931 unha homenaxe en recoñecemento do seu traballo. Nesta dirección xeral atópanse persoeiros con amplos coñecementos da situación galega como Cruz Gallástegui, Niceto Jose García Armendáriz, Moisés Calvo Redondo, Tomás Rodríguez González ou o propio Juan Rof Codina.

Posteriormente, cando Gallástegui pasa a Presidente do Consello Superior Pecuário, será Rof Codina, en calidade de interino, o que ocupe a praza de Xefe de Sección de Fomento Pecuário o 12 de xullo de 1932. En novembro, a excedencia voluntaria de Gallástegui para ocupar a praza de Director do Servizo de Investigacións Biolóxicas Aplicadas á Agricultura e Gandería



Asemblea da Asociación Nacional Veterinaria (ANVE). Madrid. 1932. Arquivo Familia Rof Codina.

en Galicia fai que Rof Codina quede de xeito oficial como Xefe de Sección. Dende estas posicións Rof non deixa as súas ideas, nunha conferencia na Asemblea Extraordinaria da Asociación Nacional de Veterinaria Española celebrada entre o 6 e o 10 de xuño de 1932 manifestase a favor do cooperativismo. Tamén dende a xefatura de sección centrase na transformación do sector agropecuario a través da cooperación e a instrución. Un exemplo do cooperativismo son as súas experiencias dende Galicia ó resto do Estado como por exemplo a levada a cabo en Ortigueira ou en Laiño (Dodro). A Federación Agraria de Ortigueira nace dunha Sociedade de Seguros Mutuos que se transforma en sindicato agrícola; dita federación organiza a venda directa do gando vacún dos seus asociados ós matadoiros sen intermediarios. En canto a instrución, propón utilizar a radio para difusión e divulgación consciente do potencial do medio para a instrución dos campesiños. Así, o 4 de decembro de 1932, sendo Inspector Xeral de Fomento Pecuário, emítese a conferencia “Cooperativismo pecuario” a través de Unión Radio. No mes de maio de 1935, Rof asume a Presidencia do Consello Superior Pecuário pola ausencia do seu titular Cayetano López y López.



Visita de Rof Codina á Escola Superior de Veterinaria de Córdoba. Publicado no xornal ABC o 6 de decembro de 1932.

5.2. Guerra Civil e Proceso de Depuración

Do ano 1936 a 1940 as únicas referencias biográficas son as relacionadas co seu testemuño durante o proceso de depuración que sufrirá unha vez rematada a Guerra Civil. Neste testemuño indica que saíu de Barcelona o 12 de xullo de 1936 xunto con Pedro Sánchez Marquez e Crescenciano Arroyo para asistir ó VI Congreso Mundial de Avicultura en Leipzig (Alemaña). Atopábanse en Lyon cando foron informados o 14 de xullo do asasinato de Jose Calvo Sotelo e seguían de camiño o congreso 17 de xullo onde a comitiva española participará con algún problema pola situación de guerra en España.

De regreso, Rof decide voltar o lado republicano e incorporarse de novo a Madrid, no xuízo aducirá que foi a falta de información sobre o estado de saúde da súa muller, nese momento moi enferma, e a situación das súas fillas, xunto cá incerteza de que estiveran expostas a sufrir represalias se non volvíaa a zona republicana o que fixo que tomará esa decisión. Chegan a Barcelona o 11 de agosto, onde son requeridos polo Xefe de Sección de Sementais de Hospitalet de Llobregat, Cesar Pérez Moradillo. Este informa a Rof do grave estado de saúde da súa muller e



A Estación Pecuaria Rexional de Lugo (1932). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

que fora substituído do cargo de Xefe de Servizo de Cría Cabalar polo Tenente Coronel Veterinario Angel Telleria.

Dous días despois telegrafía o Director Xeral de Gandería, Leandro Pérez-Urría, onde expresa a súa lealdade o Goberno republicano. Posteriormente no xuízo de depuración indicará que era necesario para conseguir un salvoconduto pero que descoñecía o contido do mesmo. O día seguinte chega a Madrid e se presenta no Ministerio onde é informado da constitución dun Comité de Funcionarios da Fronte Popular. Dito comité incluírá a Rof na primeira relación de funcionarios desafectos ó réxime republicano, sendo o Director accidental de Gandería, Pedro Sánchez Marquez quen o saca da lista.

O 18 de agosto de 1936 reorganizase a Dirección Xeral, e Rof Codina pasa a encargarse do negociado de Estatística, Comercio e Transporte e dos negociados de Estacións Pecuarias e intervención de granxas particulares, de Abastos, de Industrias complementarias e derivadas e o de Cría Cabalar. Dende este posto, elaborará un censo en colaboración co enxeñeiro agrónomo Juan Sánchez Ocaña que indica unha clara desvantaxe entre o goberno republicano fronte o nacional no referido as provisións

Rof Codina xunto co Presidente do Consello de Ministros Alejandro Lerroux na clausura da Exposición de Avicultura de Sevilla (1935).



e reservas pecuarias tanto para o uso militar como forza de traballo no campo. En setembro, o novo Director Xeral de Gandería, Nicanor Almarza Herranz, e o xefe de sección, Emiliano Sierra, intentan relegar a Rof a unha praza aduaneira para que as súas funcións sexan asumidas por persoal afin á Fronte Popular. Isto sumado as postergacións no escalafón o nomear a outros antes que a Rof, servirlle posteriormente para alegar no xuízo de depuración a falta de colaboración co Goberno Republicano.

Xa en novembro, o venres 6 de 1936, o goberno de Largo Caballero trasládase a Valencia pero Rof manifesta a súa intención de permanecer en Madrid quedando como interino na praza de Inspección Provincial Veterinaria de Madrid. Dende está posición dará conta do diezmo da gandería madrileña, encargárase do abastecemento do matadoiro municipal e organizará campañas preventivas fronte o carbunco ou a variola ovina. Tamén informará dos problemas ocasionados polas milicias nos rabaños da capital, isto fará que teña enfrontamentos cás autoridades militares republicanas.

Tras rematar a guerra, o 10 de maio de 1939 iniciase o expediente de depuración contra Juan Rof Codina, unha das probas en contra é o telegrama con data 13 de agosto de 1936, así como declaracións en contra do enxeñeiro agrónomo Federico Bajo Mateos e os veterinarios Santos Aran San Agustín e José Orensanz Moliné; e no seu favor o arquitecto Pedro Rivas Ruiz. O 15 de xullo de 1939 presentase o prego de cargos onde se lle imputan diversas causas como non incorporarse ou intentar unirse o bando nacional, o telegrama de adhesión a república, ser home de esquerdas pola súa amizade con Gordón Ordas ou os servizos prestados ó Goberno Vermello. Na resposta de Rof, achega certificacións xuradas da súa profunda fe católica

e afecta ó novo réxime. O resultado do proceso de depuración é o seu traslado forzoso durante un período de tres anos con prohibición de solicitar cargos vacantes durante o mesmo.

5.3. Traslado forzoso a Sevilla e Tenerife

O 12 de novembro de 1939, Rof toma posesión do posto de Inspector en Sevilla e será durante a súa estada onde se enfrontará a outro proceso disciplinario, neste caso derivado dunha suposta incorrecta recepción e xestión de soros fronte a Peste Porcina. Así, o 8 de abril de 1940 se lle abre expediente, que será instruído polo xuíz Miguel Martín a instancias da Dirección Xeral de Gandería. Dito expediente contén probas que demostran a boa conduta de Rof Codina, a pesar diso, o 11 de maio de 1940, o Ministerio considera que incorre en responsabilidade administrativa e imponse unha corrección disciplinaria.

No Concurso de traslados, e por conveniencias do servizo, é destinado o 24 de abril de 1940 á Xefatura do Servizo Provincial de Gandería de Santa Cruz de Tenerife. Incorporase o 13 de xullo tras un mes de prórroga por enfermidade, dende aí realizará un censo pecuario e valorativo dos produtos da gandería de dita provincia que será publicado pola Cámara Agrícola de Tenerife en 1941. En decembro de 1941, Juan Codina e Carlos Santiago Enriquez permutan os destinos polo que Rof pasa a ser Director da Estación Pecuaria Rexional de Lugo. O 3 de xaneiro de 1942 a Dirección Xeral de Gandería accede a conceder a permita solicitada e faise oficial o 15 de xaneiro.



Telegrama de Rof Codina presentado a súa adhesión ao Goberno republicano tras o Golpe (13 de agosto de 1936). Expediente Rof. Caixa 61/7683. Arquivo Xeral da Administración do Estado.

ACTIVIDADES

Actividade 36. ¿Qué cambios na sociedade e no goberno conleva a proclamación da Segunda República? ¿Cómo crees que é a súa estrutura? Debatede sobre estas preguntas e sobre que sistema de goberno vos parece mellor para un país coma o noso.

Actividade 37. A Granxa Agrícola de A Coruña, a Misión Biolóxica de Galicia e a Sociedade de Amigos das Arbores son sociedades relacionadas con Rof Codina. Investigade en que consisten estas sociedades, se seguen existindo e se existen outros organismos, sociedades ou asociacións similares hoxe en día. ¿Existe algún na vosa vila?, poñédevos en contacto con él e intentade organizar algunha actividade lúdica con eles.

Actividade 38. Rof Codina escribe varios traballos sobre o gando. ¿Cales son as características da Raza Rubia Galega? ¿Qué outros animais domésticos coñeces que teñan características típicas de Galicia? ¿Qué son os mestizos e qué teñen de bo o seu uso?. Ademais de todas estas preguntas, buscade información sobre o concepto de Especie, Híbrido e Puro; e como se relaciona isto cá herdanza.

Actividade 39. ¿Qué sabedes da guerra civil española? En clase anotade nun folio todo o que coñezades da guerra civil. Contrastade está información cá información de libros, da biblioteca do centro ou da rede. Podedes explicar as diferenzas e

semellanzas entre os dous bandos enfrontados (fronte nacional e fronte popular).

Actividade 40. Seguindo cá Guerra Civil, fai un esquema (podes empregar mapas) sobre os acontecementos da guerra. Engade ademais como rematou e que sucedeu cos principais líderes de ambos bandos.

Actividade 41. Unha vez rematada a guerra, ¿Qué sucedeu cos simpatizantes e militantes dos partidos e sindicatos opostos o réxime franquista? ¿Qué ten que ver isto cá Memoria Histórica tan debatida nas noticias nos últimos anos?.

Actividade 42. ¿Cando e cómo remata o Réxime Franquista? Foi durante todo o tempo igual ou sufriu un proceso evolutivo que rematou na transición. Buscade testemuños de xente da época franquista (xente que viviu durante ese réxime), poden ser testemuños escritos ou gravados.

Actividade 43. Rof Codina estando en Sevilla enfróntase a expediente administrativo. Investigade como se fan as leis e como funciona o sistema legal español. ¿En qué lexislación ten a base o noso sistema xudicial? ¿Qué significa vía penal e vía administrativa? Facede un esquema ca clasificación ou tipos de dereitos que coñezades, completádea buscando información na biblioteca do centro ou pola rede na páxina do Ministerio.

6. De regreso o fogar: Estación Pecuaria Rexional de Lugo e Cátedra de Divulgación Pecuaria de Galicia

No ano 1932 fundase a Estación Pecuaria Rexional de Lugo que pasaría a nomearse de Galicia posteriormente e que desaparece en 1962. Situada na finca "El Fingoy", Rof chega como Director o 12 de marzo de 1942. Na Estación Rof seguirá as liñas de traballo principais establecidas, a protocolización dos traballos e a súa posterior publicidade e divulgación formativa ós gandeiros, con isto consegue facer da estación un centro de investigación e docencia de referencia. En febreiro de 1943 é nomeado vicepresidente do Consello Superior Pecuario xunto con Cayetano López y López; deixando a Estación Pecuaria o 25 de marzo.

O 1 de setembro de 1944, con setenta anos, xubilase Juan Rof pero as súas actividades non rematan, o mes seguinte parti-

cipa en Santiago de Compostela no Congreso Agrícola de Galicia que dará lugar ó Plan Agrícola de Galicia. En dito congreso, Rof participa con dous relatorios "Plan de mejora de ganado porcino" en colaboración con Jesus Carballo Mosquera e "Plan de mejora en el rendimiento económico de la avicultura" xunto con Esteban Ballesteros Moreno, que será o seu sucesor na Estación.

En 1945 consegue cá axuda de diferentes organismos públicos a creación da Cátedra Ambulante de Divulgación Pecuaria de Galicia da que será director e titular. A través do Gobernador



Caricatura de nuestro ilustre colaborador don Juan Rof Codina.

Caricatura de Juan Rof Codina por Mouriz (1954).

Rof Codina impartindo unha charla a través da Cátedra de Divulgación Pecuaria de Galicia. Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



Cursillo a mestres nacionais na Estación Pecuaria (1943). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



Civil de Lugo, Ramón Ferreiro Rodríguez, recibe unha subvención do Ministerio de Educación de 10.000 pesetas anuais, as que Rof engade outras 5.000 pesetas para o seu mantemento. A cátedra utilizará material gráfico moi variado dende láminas ata películas para impartir charlas dunha temática moi variada tamén, dende avicultura e cunicultura ata inseminación artificial no gando vacún. Ademais de Rof Codina que se encarga da organización e preparación dos materiais; tiña colaboracións puntuais do persoal do Laboratorio e da Estación Pecuaria Rexional de Lugo como os veterinarios Alfonso Platero García e Luis Enrique Vázquez Paredes; ou por Inspectores Municipais como Julio Picatoste Francos.

En canto os lugares onde daban as charlas era principalmente Lugo, pero celebraban charlas de xeito periódico noutros concellos galegos. Debido a repercusión dos eventos, estenderase

a diversos puntos de España e incluso chegarán a Portugal. De feito, algúns organismos públicos solicitaran a creación de cátedras semellantes noutras provincias. O sistema que emprega a cátedra é o de formación de formadores, é dicir, organizan cursillos para mestres de Escolas Nacionais e que estes fagan o mesmo no medio rural do seu entorno.

No ámbito da divulgación e formación dos labregos, de forma paralela aparecen outras iniciativas que colaboraran cá cátedra como a creación da Escola da Granxa Barreiros (Sarria – Lugo) cá que colabora estreitamente xunto a Avelino Pousa Antelo na celebración do primeiro Cursillo de Formación Agropecuaria para mestres en 1948. Tamén realizarán cursillos de capacitación e divulgación técnico – agrícola ou de Avi-Cuni e Apicultura a través do Ministerio de Agricultura como os celebrados en 1952 en Lugo.

Conferencia de Rof Codina no Circulo das Artes de Lugo. (1954). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



Reunión na Dirección Xeral de Gandería (1964). Arquivo Familia Rof Codina.



ACTIVIDADES

Actividade 44. Xa falamos en anteriores actividades da Peseta e o Euro. ¿Qué outros tipos de sistema monetarios foron utilizados en España dende a época romana? ¿Qué é un duro ou un patacón?. Preguntade en casa que nomes relacionados cá peseta recordan e seguen empregando, facede unha lista con todos os nomes e buscade información para averiguar de onde veñen.

Actividade 45. En grupos propoñede dúas formas de divulgar os valores, as costumes, os coñecementos ou a cultura da agricultura e gandería galega. Tamén podeades facer unha actividade de divulgación con expertos como unha mesa redonda ou invitar conferenciantes da Misión Biolóxica ou organismos semellantes.

Actividade 46. ¿A qué se refiren os termos avicultura, cunicultura e apicultura? Buscade información en parellas sobre estes termos e investigade si existen termos similares para outros tipos de gando.

Actividade 47. A partir da páxina do Instituto Nacional de Estadística construíde unha gráfica con datos dos últimos anos sobre algún dos seguintes tipos de gando: cabalar, asnal, mular, vacún, lanar, cabrún, cerda, aves ou outros que aparezan. Dividirse en grupos e repartide cada tipo de gando para cada grupo. ¿Qué conclusións podeades sacar da vosa gráfica? ¿E sé o comparades cos outros tipos de gando? Utilizade todas as ferramentas estatísticas que coñezades para axudarvos no análise.

Actividade 48. Rof Codina nas súas charlas utilizada datos e gráficas para explicar as vantaxes e inconvenientes das técnicas



ou das metodoloxías que quería explicar. Un exemplo de iso é as vantaxes da inseminación artificial do gando. Observa a seguinte táboa:

	INSEMINACIÓN ARTIFICIAL	MONTA NATURAL
PESO VIVO AO NACER (Kg)	40	30
PESO VIVO AOS 3 MESES (Kg)	130	90
PESO CANAL AOS 3 MESES (Kg)	130	60
PESO VIVO AOS 6 MESES (Kg)	200	160
PESO CANAL AOS 6 MESES (Kg)	110	90
PESO VIVO AOS 12 MESES (Kg)	280	220
PESO CANAL AOS 12 MESES (Kg)	170	115
PESO VIVO AOS 18 MESES (Kg)	350	280
PESO CANAL AOS 18 MESES (Kg)	--	160
PESO VIVO AOS 24 MESES (Kg)	460	320
PESO CANAL AOS 24 MESES (Kg)	260	180

Construíde en grupos de 3-4 unha gráfica sobre a táboa e explicade cales son as diferenzas entre as dúas metodoloxías. En base a isto, ¿Qué técnica lle recomendarías os gandeiros para obter maior cantidade de carne? Xustificade a vosa proposta, podeades engadir información científica que obteñades na biblioteca ou na rede.

7. Lembrar é vivir

No seu 90 aniversario, o 31 de agosto de 1964, a familia de Rof reúnese para celebralo e este aproveita para ler a carta “*Recordar es vivir*”. Nela fai memoria de gran parte da súa vida e obra, aínda que se reserva as súas opinións sobre el mesmo, falando de cómo as circunstancias marcaron o seu destino; e que a pesar de ter acumulados moitos cargos o longo da súa vida a principal faceta pola que se recoñece é a súa actividade divulgadora e pedagóxica no medio rural galego.

Múltiples homenaxes terán lugar a partir de esa data, o 20 de maio de 1965 a Asociación do Corpo Nacional Veterinario concédelle a Medalla de Ouro; o mesmo día entréganlle o Premio do Ministerio de Agricultura do Grupo de Zootecnia, Industrias Pecuarias e Economía pola labor de divulgación desenvolta a través da Cátedra de Divulgación Pecuaria de Galicia e ese mesmo ano é nomeado Lucense do ano o 27 de decembro. Xa en 1958, o 1 de setembro fora nomeado fillo predilecto de El Prat de Llobregat adicándolle unha praza na vila.

No ano 1965, un derrame provócalle unha lesión cerebral que o priva das facultades de coordinación e audición. Aínda así, a súa capacidade fai que un dos seus últimos traballos sexa sobre “*La célula y sus funciones*” que preparaba para presentar nun concurso da Universidade de Murcia, traballo ampliado e actualizado o presentador e redactado en 1902 para a Cátedra de Fisioloxía e Hixiene da Escola de Veterinaria de Santiago, e que volveu usar no seu ascenso a veterinario 2º no Corpo de Veterinaria Militar. O 9 de setembro de 1966 o Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España noméano Conselleiro de Honra.



Rof Codina aos 90 anos de idade (1964).
Arquivo Familia Rof Codina .


O 17 de xuño de 1967 falece con 93 anos na súa casa, sendo soterrado no cemiterio xeral de Lugo. Tras o pasamento succédense máis homenaxes e recordatorios; por exemplo, en 1968 a Televisión Española réndelle tributo cunha reportaxe da súa vida no programa “*Ahora y Siempre*” dirixido por Julio Coll que emitido o 20 de setembro inclúe música de Manuel Parada feita para dito reportaxe. O 30 de outubro de 1969 ponse o nome de Veterinario Rof Codina a unha rúa de Lugo. Xa en maio de 1994 crease a Fundación Rof Codina que será importante na creación do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina de recoñecido prestixio docente e investigador e que é depositaria da biblioteca persoal de Rof Codina doada pola súa filla Carmen Rof Carballo.

A título póstumo, o 29 de novembro de 2002 noméano Amigo de Muralla de Lugo pola súa defensa a prol da conservación feita o 8 de abril de 1905 cando publica un artigo no xornal lucense “*La Idea Moderna*” titulado “*Una cuenta alrededor de la*


Muralla" baixo o pseudónimo Guer Nim. Neste artigo defende a conservación da Muralla ante os plans de demolición do Concello dirixido polo Alcalde Angel López Pérez. O 11 de outubro de 2008, durante o XIV congreso Nacional e V Iberoamericano de Historia da Veterinaria tivo lugar no Pazo do Hórreo en Santiago un acto de recoñecemento por parte do Parlamento Galego da labor levada a cabo en prol do medio rural galego por Rof Codina e Cruz Gallástegui.

Colaborar asiduo de xornais coma "El Pueblo Gallego", "El Correo Agrícola", "La Noche", "El Cultivador Moderno" ou "Actualidades Veterinarias" ten unha gran produción con máis de 1200 artigos. A súa produción foi analizada na tese de Diego Conde (Conde, 2013) e a divide en varias épocas: unha primeira época de temática agrarista (1899-1924), unha segunda etapa de menor presenza mediática debida os traslados (1924-1945) e

unha terceira etapa xa xubilado dende a Cátedra de Divulgación Pecuaria (1946-1966). En canto os xornais e publicacións destacan tres principalmente: "El Ideal Gallego", "La Voz de Galicia" e "El Progreso de Lugo" con maía do 75% da produción, pero ten colaboracións ou aportacións en máis de 110 publicacións. Debese puntualizar que nos análises realizados por Conde (Conde, 2013) do traballo de Rof non se teñen en conta as republicacións ou publicacións do mesmo artigo en varios medios, práctica habitual na época, polo que no porcentaxe aquí sinalado non aparecían publicacións como os artigos escritos en "Prácticas modernas" ou no "Boletín Mensual de la Gran Clínica Veterinaria" que son republicacións de artigos publicados noutros medios. En canto a temática, sempre cun fondo pedagóxico e de defensa da veterinaria, poden resumirse en 3 grandes grupos de ampla temática:



Sinatura de Juan Rof Codina. Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.



Traballo sobre "La Célula y sus funciones" (1965). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

a/ Producións agropecuarias: Onde se agrupan temas como o uso dos adubos e defensa dos fertilizantes inorgánicos para suplir as carencias do terreo; a defensa do emprego tradicional nas zonas de costas dos produtos do mar como fertilizantes; a nutrición animal mediante pensos e complementos; a publicidade dos concursos de gando como instrumento da mellora do gando; a súa importancia para a difusión das innovacións tecnolóxicas e como punto de partida para definir a Raza Bovina Galega; o cooperativismo e asociacionismo agrario a través dos sindicatos agrícolas e das sociedades de Seguros Mutuos; o modelo danés como mellor modelo evolutivo agropecuario galego; as infraestruturas como os matadoiros industriais; o aloxamento e transporte pecuario como o ferrocarril ou os camiños veciñais na mellora das vías de comunicación; a estrutura territorial (pequenos propietarios,




Juan Rof Codina recibindo a homenaxe do Consello de Colexios de Veterinarios de España (1966). Arquivo Familia Rof Codina.

montes comunais, aparcería); a mecanización agropecuaria; os problemas relacionados cos mercados españois e internacionais como prácticas de monopolio ou os abusos dos intermediarios; tamén escribe sobre medidas zootécnicas e de mellora gandeira como limpeza, coidados e alimentación do gando ou a descritiva das especies e variedades galegas como o Cabalo de Raza Galega, a Galiña de Mos, o Porco Celta ou a Raza Rubia Galega. Por último cabe sinalar que nos artigos dentro de este apartado fai uso da estatística pecuaria ou de pequenas contas para defender os seus argumentos.

b/ Sanidade animal: Nesta temática, Rof Codina tratará os temas dende un punto de vista científico desbotando as prácticas tradicionais asentadas sen rigor científico. A loita contras as enfermidades do gando como a nacida, o gripo, a peste porcina, tanto dende a prevención como dende o tratamento das enfermidades. Temáticas como a aplicación de vacinas e soros preventivos; a instauración de mecanismos de control como laboratorios; difusión dos coñecementos sobre as diferentes enfermidades do gando; defensa dos medios humanos necesarios como a defensa da Escola de Veterinaria Compostelá ou a dotación de medios para investigación e control;

C/ Saúde pública: Neste apartado inclúense traballos sobre hixiene e produción alimentaria en matadoiros e infraestruturas adecuadas; a hixiene pública no referente a continuidade entre saúde animal e pública e a través dos produtos alimentarios e a cadea alimentaria axeitada; as zoonoses como medio para equipara a profesión veterinaria cá medicina; por último, neste apartado se inclúen enfermidades que poden



Redacción da Voz de Galicia. (s.d). De esquerda a dereita, sentados Merelas, Martínez Morás, o Doutor Hervada, o director Alejandro Barreiro, Rof Codina e Cesar Alvarar. De pé: Manuel Díaz, Nito, Carballo Tenorio, Augusto Barreiro, Julio Rodríguez e Blanco Meizoso.

salta entre especies animais e humanas como a tuberculose, a triquinose ou a cisticercose (lentella).

O seu legado é a divulgación das ideas innovadoras do agro e da gandería galega, o seu empeño na reforma e modernización da ciencia en xeral, e da veterinaria en particular. Neste senso a mellora pecuaria dos seus traballos non se enmarca só na simple mellora morfolóxica do gando senón na mellora das condicións xerais e a loita contra as patoloxías. Tamén o seu papel na

creación de asociacións que estruturan a profesión e permiten a súa defensa e ordenación. Pero sobre todo a mensaxe divulgadora de Rof Codina tanto no medio rural como por tódolos medios o seu alcance que fixo de él unha figura científica de referencia na gandería durante varias décadas e que segue sendo unha figura de referencia dunha época de grandes cambios no agro e na sociedade agrícola galega.

ACTIVIDADES

Actividade 49. A muralla de Lugo é Patrimonio da Humanidade, ¿Qué significa isto e que condicións teñen que cumprir para ser declarado Patrimonio?. Constrúe unha lista con monumentos protexidos na nosa comunidade, non esqueza ordeádeos cronoloxicamente segundo a data de declaración. Investiga se existen outras figuras de protección de monumentos.

Actividade 50. Recopilade datos dun monumento da vosa cidade, como por exemplo fixo Rof Codina cos datos de altura, lonxitude e anchura da muralla de Lugo. Calculade o volumen do monumento. Tendo en conta a capacidade dun carro de bois (ou de outro transporte actual) e o tempo que lles levaría transportalo, ¿Canto tempo se tardaría en transportar os cascallos do monumento se quixeramos derrubar ese monumento?. Facede ese cálculos tendo en conta diversos sistemas de transporte.

Actividade 51. Facede un póster sobre a Fundación Rof Codina e o Hospital Veterinario Rof Codina, a súa historia, a súa estrutura, os servizos que ofrece e o persoa que ten.

Actividade 52. No texto comentase que en Lugo e en El Prat de Llobregat adicáronlle unha rúa e unha praza a Rof Codina. En clase, cantos nomes propios de rúas coñecedes na vosa vila, completade o listado de rúas con nomes propios da vosa vila. ¿Cómo é pon o nome as rúas e vías da vosa vila? ¿De qué tipo son os nomes das diferentes rúas? Facede unha clasificación cos nomes das principais rúas e vías da vosa vila.

Actividade 53. Baixo o pseudónimo Guer Nim, Juan Rof Codina escribe artigos de temática costumista e incluso o de defensa da muralla de Lugo. Poderías dicir catro pseudónimos

que coñezas de personaxes famosos. Debatede as vantaxes e desvantaxes do uso de pseudónimos e baixo que circunstancias sucede isto.

Actividade 54. Rof Codina fai unha clasificación da Raza Bovina Galega en 1908 e en 1916. Observade a táboa con ambas clasificacións e contestade:

Clasificación da Raza Bovina Galega segundo Rof Codina (1908)		
Raza Bovina Galega	Sub-raza marela con 3 variedades	Da mariña, litoral ou vales fértiles
		Dos vales
		Das montañas
	Idem teixa con 3 variedades	Do litoral
		Dos vales
		Das montañas
Idem parda con 3 variedades	Do litoral	
	Dos vales	
	Das montañas	
Clasificación da Raza Bovina Galega segundo Rof Codina (1916)		
Raza Bovina Galega	Sub-raza da montaña	Teixa
		Marela
Raza Bovina Galega	Sub-raza dos vales	Teixa
		Marela

Facede un listado con semellanzas e diferenzas entre ambas clasificacións. En que parecen basarse as clasificacións cos datos que atopas na táboa. En que características basariades vos unha clasificación.

Actividade 55. Investiga as denominacións de orixe do gando galego. ¿Qué condicións son necesarias para obter unha denominación de orixe? Facede un listado de denominacións de orixe que coñezades e completádeas buscando por internet ou consultando na biblioteca con outras que existan en Galicia.

8. Actividades finais

8.1 Test sobre a biografía (1 resposta correcta)

Para comprobar que se comprendeu o texto, finalizamos a unidade con un test de coñecementos:

1. ¿En cantos sorteos para ir a Guerra saíu o nome de Juan Rof Codina?:
 - i. Un
 - ii. Dous
 - iii. Tres
 - iv. Catro
2. Inicialmente Juan Rof Codina, ¿Qué quería estudar en Madrid?:
 - i. Maquinista ferrocarril
 - ii. Veterinaria
 - iii. Medicina
 - iv. Farmacia
3. O ano que chega a Lugo moi enfermo foi
 - i. 1898
 - ii. 1896
 - iii. 1902
 - iv. 1905
4. Sendo veterinario militar é destinado a:
 - i. Córdoba
 - ii. Tenerife
 - iii. Granada
 - iv. Sevilla
5. A Gran Clínica veterinaria fundase en:
 - i. 1907
 - ii. 1910
 - iii. 1902
 - iv. 1905
6. Rof Codina e o seu cuñado son os representantes para Galicia e Asturias do:
 - i. Instituto de Investigacións Agrarias
 - ii. Empresa Roche
 - iii. Instituto Pasteur de París
 - iv. Empresa Admirall
7. II Congreso Rexional Agrícola e Gandeiro en Lugo celebrouse en:
 - i. 1903
 - ii. 1904
 - iii. 1905
 - iv. 1906
8. Rof Codina aposta por que o método mellor para seleccionar gando é:
 - i. Por pureza
 - ii. Por cruzamento selectivo
 - iii. Por manipulación xenética
 - iv. Por selección natural
9. De que provincia é nomeado Inspector de Hixiene Pecuaria e Sanidade Veterinaria:
 - i. Lugo
 - ii. A Coruña
 - iii. Ourense
 - iv. Pontevedra
10. A Escola de Veterinaria de Santiago é cerrada 1924 para converterse en:
 - i. Cuartel de Artillería
 - ii. Cuartel de Infantería
 - iii. Cuartel de Cabalería
 - iv. Cuartel de Mariña
11. Cruz Gallástegui está relacionado sobre todo con:
 - i. A Misión Biolóxica
 - ii. O Instituto de Oceanografía
 - iii. A Universidade de A Coruña
 - iv. O Instituto de Investigacións Agrarias
12. O 4 de decembro de 1932 emítese por Radio:
 - i. Un mensaxe publicitario de Rof Codina
 - ii. Un mensaxe do bando republicano
 - iii. Unha conferencia de Rof Codina
 - iv. Unha conferencia do Presidente da República
13. ¿Canto dura a guerra civil española?:
 - i. 5 anos
 - ii. 2 anos
 - iii. 3 anos
 - iv. 6 anos
14. ¿Cál é o resultado do proceso de depuración?:
 - i. Traslado forzoso
 - ii. Desterro do país
 - iii. Suspensión de emprego e soldo
 - iv. Perda da súa praza
15. Como resultado do proceso de depuración, Juan Rof termina en:
 - i. Sevilla
 - ii. Tenerife
 - iii. Córdoba
 - iv. Madrid
16. ¿Cal é o segundo destino despois da guerra antes de voltar a Lugo?:
 - i. Sevilla
 - ii. Tenerife
 - iii. Córdoba
 - iv. Ningún dos anteriores
17. Juan Rof Codina xubilase con:
 - i. 60 anos
 - ii. 67 anos
 - iii. 65 anos
 - iv. 70 anos
18. ¿Cantos cartos pon Rof Codina a subvención do Ministerio de Educación para crear a cátedra de divulgación?:
 - i. 10000 pesetas
 - ii. 5000 pesetas
 - iii. 15000 pesetas
 - iv. 12000 pesetas
19. A carta biográfica que leu o 31 de agosto de 1964 titulase:
 - i. Recordar es vivir
 - ii. Vivir es recordar
 - iii. Recordar para vivir
 - iv. Vivir para recordar
20. ¿Qué quería facer cá muralla de Lugo o alcalde Angel López Pérez?
 - i. Restauración
 - ii. Traslado
 - iii. Demolición
 - iv. Conservación

8.2 Avaliación:

Cómo se comentou na ficha didáctica, a unidade pode traballarse dende unha materia ou de forma coordinada dende varias o mesmo tempo ou secuencialmente. A avaliación pode por tanto facerse con diferentes criterios relacionados cos obxectivos didácticos e cas competencias básicas, ou ambos o mesmo tempo. Polo tanto presentase a continuación unhas táboas para avaliar ambos apartados que pode adaptarse segundo as necesidades de organización ou fusionarse segundo as necesidades:

8.2.1. Táboa de Avaliación da Unidade Didáctica:

As actividades propostas na unidade refírense a criterios de avaliación relacionados directamente cos obxectivos xerais e específicos da mesma. Na táboa seguinte propónse unha forma de avaliación cuantitativa das actividades en xeral que pretende servir de orientación ao profesor ou profesora.

APARTADO	ESCALA DE CUALIFICACIÓN						PUNTOS
	PESO	4	3	2	1	0	
1. Presentación da unidade	-	-	-	-	-	-	-
2. De fillo do ferreiro a estudante de veterinaria en Madrid	12%						
3. O Corpo de Veterinaria Militar: Lugo – Granada - Lugo	15%						
4. A Galicia de Rof Codina dende 1902 ata 1932	20%						
5. As mudanzas: República, guerra e posguerra	18%						
6. De regreso o fogar: Estación Pecuaria Rexional de Lugo e Cátedra de Divulgación Pecuaria de Galicia	15%						
7. Lembrar é vivir	15%						
Test final	5%						
Puntuación final	100%						

Onde 4 é un grado de cumprimento das actividades alto; e 0 é non realizar as actividades propostas. O grado de 4 a 0 debe establecerse en base o número de actividades realizadas e o grado de dificultade das actividades. Os grados poden ser:

4 Cumpre con perfección as actividades propostas, integrando perfectamente os contidos e desenrolando as competencias básicas asociadas.

3 Cumpre as actividades propostas, pero ten dificultades con algún concepto ou non desenrola totalmente a competencia básica asociada.

2 Cumpre con dificultades as actividades propostas, non integra os contidos salvo excepcións e as competencias básicas son desenroladas parcialmente.

1 Cumpre parcialmente e con dificultades as actividades propostas, non integra os contidos salvo excepcións e desenrola parcialmente as competencias básicas

0 Non cumpre con ningunha das actividades propostas, non integra ningún contido ou non desenrola as competencias básicas.

8.2.2. Táboa de Avaliación da Competencias Básicas:

Táboa orientativa de avaliación das competencias básicas, deixase espazo para engadir outras habilidades/destrezas que se queren avaliar:

Competencia básica	Habilidades/Destreza concreta	0	1	2	3
Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico	Comprender e argumentar cientificamente as diferentes opinións				
	Sacar conclusións obtidas en base os datos presentados				
	Valorar os argumentos e diferenciarlos das opinións				
Competencias tratamento da información e competencia dixital	Realizar argumentacións científicas utilizando probas e experimentos axeitados o método científico				
	Analizar e sintetizar a información obtida de diferentes fontes dixitais				
	Diferenciar os diferentes tipos de informacións e a súa utilidade e veracidade				
	Analizar e ter unha actitude crítica ante a información obtida				
Competencia social e cidadá	Organizar, resumir e tratar os datos para obter respostas as actividades				
	Rexeitar as argumentacións das opinións diverxentes				
Competencia matemática	Valorar as opinións diverxentes e por en valor eses coñecementos				
	Representar e interpretar gráficas				
Competencia lingüística	Manexar e analizar datos, e interpretalos				
	Expoñer oralmente os informes e datos analizados				
	Elaborar presentacións cos datos obtidos				
	Analizar textos, e identificar as diferentes tipoloxías				
Competencia para aprender a aprender	Utilizar un linguaxe adecuado o contexto (linguaxe técnico-especializado)				
	Sintetizar en informes breves complexas informacións				
	Expoñer e responder preguntas en base os coñecementos propios ou obtidos de fontes de información por si mesmo				
	Diferenciar respostas de preguntas nos problemas plantexados				
	Enumerar as posibles respostas fronte a un mesmo problema				
Competencia cultural e artística	Aplicar novos coñecementos adquiridos dependendo do contexto				
	Valorar o patrimonio científico e cultural galego				
	Utilizar imaxes e representacións como fonte de calidade no discurso e como apoio visual as presentacións				
Competencia autonomía e iniciativa persoal	Utilizar criterios artísticos no deseño e representacións dos informes tanto presentacións orais como escritos				
	Buscar información				
	Escoller a información				
	Desenrolar e manter unha opinión propia nos debates				

Onde os grados de cumprimentos son

3: Desenvolveu perfectamente ou excede nas competencias básicas.

1: Desenvolveu os mínimos de competencia básica

0: Non desenvolveu a competencia básica

2: Desenvolveu satisfactoriamente as competencias básicas

9. Glosario

Agrarismo: termo utilizado para as organizacións de labregos en sociedades e sindicatos agrícolas en Galicia de finais do século XIX e principios do XX.

Agronomía: conxunto de coñecementos encamiñados a mellora na agricultura e a gandería.

Agropecuarias: parte do sector primario composta polo sector agrícola e gandeiro.

Aranceis: imposto aplicado os produtos obxecto de importación ou exportación.

Cerralleiro: oficio adicado a reparación e mantemento de cerraduras ou sistemas de peche.

Colonia agrícola: empresa de explotación agraria cun esquema de organización funcional e disciplinario cerrado.

Conservadorismo: filosofía política que loita polo mantemento das tradicións.

Cooperativismo: movemento ou doutrina social que defende a cooperación como medio para lograr un beneficio maior.

Corporativismo: tendencia á solidariedade interna e defensa dos intereses do sector profesional o que se pertence.

Costumista: obras literarias e pictóricas de temática tradicional ou típica dunha rexión.

Ferrado: axustar e cravar as ferraduras o gando.

Hixienicista: persoa adicada o estudo da hixiene e a súa aplicación.

Instrución: acción de educar.

Morfotipo: clasificación de especies en base a súa forma.

Pecuario: pertencente ou relativo o gando.

Proceso de depuración: xuízo para retirar ou eliminar do servizo ou do organigrama elementos contrarios a un réxime concreto.

Progresismo: filosofía política que loita polas liberdades individuais.

Quintas: xoven válido para incorporarse o servizo militar obrigatorio.

Salvoconduto: documento expedido por unha autoridade que permite o tránsito sen risco pola zona onde esa autoridade sexa recoñecida.

Taquigrafía: técnica de escritura rápida mediante abreviaturas e signos.

Tecnocracia: goberno dos técnicos ou goberno en base a decisións non ideolóxicas.

Xogos florais: concursos poéticos celebrados en diversos lugares con premios para os vencedores.

Zootecnia: ciencia que estuda os animais domésticos e silvestres para mellorar o seu aproveitamento.

10. Bibliografía e páxinas web

A unidade didáctica utiliza como principal fonte de información e base para o texto a seguinte bibliografía:

FERNÁNDEZ PRIETO, LOURENZO (2012): "Juan Rof Codina", en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 10/08/2013] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/>]

Outra bibliografía e páxinas web empregadas

1. BRAVO DEL MORAL, Ana Mª (coord.) (2009). "25 anos da Facultade de Veterinaria". Lugo: Universidade de Santiago.
2. CABO VILLAVARDE, M. (1998). "O Agrarismo". Vigo: A Nosa Terra.
3. CONDE GÓMEZ, D. (2007). Apuntes para unha biografía de Juan Rof Codina: veterinaria e mellora pecuaria na Galicia «ante dous séculos» (1874-1931).
4. CONDE GÓMEZ, D. (2008). Veterinaria e situación agropecuaria na Galicia da Restauración, entre o atraso e a modernidade. En *Os animais domésticos na historia de Galicia* (pp. 179-213). Santa Comba (A Coruña): TresCtres.
5. CONDE GÓMEZ, D. (2013). Veterinaria e mellora pecuaria na Galicia contemporánea. O papel de Juan Rof Codina. Tese Doutoral. Univesidade Santiago de Compostela. <http://dspace.usc.es/handle/10347/9562>.
6. CONDE GÓMEZ, D. (2014) Canto val unha vaca?. Da cuestión agraria á cuestión pecuaria en Galicia. Deputación de A Coruña.
7. FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1985). Unhas notas sobre a vida e obra de Juan Rof Codina (1874-1967). En *Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la agricultura* (Edición facsímil., pp. 9-21). Sada (A Coruña): Edicións do Castro.
8. FERNÁNDEZ PRIETO, L. (1992). "Labregos con ciencia". Vigo: Xerais. Páxina Asociación Española de Historia Veterinaria (<http://www5.colvet.es/aehv/>).
9. RODRÍGUEZ TRONCOSO, M. (2007). "Juan Rof Codina, manescal exemplar: El Prat de Llobregat 1874-Lugo 1967". Barcelona: Club del llibre.

10. ROF CODINA, J. (1920). "Problemas de la ganadería española. Abastecimiento de carnes y organización de los concursos de ganado en Galicia". A Coruña: Garcybarra.

11. ROF CODINA, J. (1928). "Enfermedades infectocontagiosas reinantes en la ganadería gallega y medios para combatirlas y evitarlas". A Coruña: Garcibarra.

12. ROF CODINA, J. (1946). "La cátedra de divulgación pecuaria". Boletín de Divulgación Ganadera, ano VII, 11: 31-32.

13. ROF CODINA, J. (1953). "La raza bovina gallega rubia mejorada (doce estampas de la obra selectiva de los concursos de ganados)". Sada-A Coruña: Edicións do Castro.

14. ROF CODINA, J. (1985). "Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la agricultura". Sada-A Coruña: Edicións do Castro (ed. facsimilar da orixinal de 1917).

15. RUIZ MARTÍNEZ, C. (1973). Juan Rof Codina (1874-1967). En *Semblanzas Veterinarias I* (pp. 195-218). León: Syva.

16. SÁNCHEZ DE LOLLANO PRIETO, J., CANTERO BONILLA, Á., & GARCÍA TORRES, A. (2008). Aportación a la biografía de Juan Rof Codina (1874-1967): Expediente personal en el Ministerio de Agricultura. En *Actas del XIV Congreso Nacional y V Iberoamericano de Historia de la Veterinaria* (pp. 145-152). Santiago de Compostela: Lugo.

17. SOUTELO VÁZQUEZ, R. (1999). "Os intelectuais do agrarismo: protesta social e reformismo agrario na Galicia rural : Ourense, 1880-1936". , Vigo: Universidade.

18. VILLARES PAZ, R. (dir.) (2004). "El despertar del siglo, Galicia siglo XX". A Coruña: La Voz de Galicia; p. 25-36.

9. Créditos

Portada:

Imaxe 1. Album de la Ciencia.

Imaxe 2. Juan Rof Codina (1910). Arquivo Familia Rof Codina.

1. Presentación da unidade

Imaxe 3. Rof Codina, no centro subido ao palco, na inauguración do xardín “O Pote” en Barallobre Fene (A Coruña). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

2. De fillo do ferreiro a estudante de veterinaria en Madrid

Imaxe 4. Apuntes elaborados por Rof Codina e Francisco Eche-goyen para a materia de Cirurxía Xeral Veterinaria (curso 1894-1895). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 5. Juan Téllez López.

Imaxe 6. Proxecto da fachada principal da Escola de Veterinaria de Santiago de Compostela no Horreo. (1903).

3. O Corpo de Veterinaria Militar: Lugo – Granada - Lugo 1897 - 1902

Imaxe 7. Juan Rof Codina no Corpo de Veterinaria Militar (1901). Arquivo Familia Rof Codina.

Imaxe 8. Bosquejo sanitario-zootécnico destinado al estudio de la ventajas del seguro aplicado a la ganadería en la provincia de Lugo (1904). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 9. Cabeceira de “Revista Veterinaria” (1903). (Repositorio Helvia. Universidade de Córdoba).

Imaxe 10. Trabajo sobre “La Célula y sus funciones” (1902). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

4. A Galicia de Rof Codina dende 1902 ata 1932

Imaxe 11. Concepción Carballo e Rof Codina coa súa filla Ángela (1903). Arquivo Familia Rof Codina.

Imaxe 12. Redacción de “La Idea Moderna” Lugo. (1904). De esquerda a dereita, Enrique Rodríguez Garrido, Julio Núñez González, Antonio Menéndez Franco, Jose Vega Blanco, Luis Gago Alonso e Juan Rof Codina.

Imaxe 13. Clínica de Jose Carballo precedente da Gran Clínica Veterinaria. Lugo 1903. Arquivo Familia Rof Codina.

Imaxe 14. Anuncio do consultorio veterinario de Rof Codina (1902).

Imaxe 15. Anuncio da Gran Clínica Veterinaria (1908). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 16. Portada do Boletín da Gran Clínica Veterinaria (1908). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 17. Anuncio da Gran Clínica Veterinaria (1910).

Imaxe 18. Anuncio da Gran Clínica Veterinaria (1911).

Imaxe 19. Detalle do Boletín da Gran Clínica Veterinaria (1908). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 20. Anuncio da Gran Clínica Veterinaria (1914).

Imaxe 21. Rof Codina e Jesus Carballo na Gran Clínica Veterinaria (1908). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 22. José María Fontela Vázquez (1914).

Imaxe 23. Rof Codina vacinando contra a Nacida. (1910).

Imaxe 24. Rof Codina inoculando reses fronte a nacida (1911).

Imaxe 25. Rof Codina (arriba, terceiro pola esquerda) na cidade de A Coruña. (arredor de 1911). Arquivo Familia Rof Codina.

Imaxe 26. Concurso de gandos de Carballo (1911). Publico presenciando a cualificación dun becerro polos veterinarios Igna-

cio Varela, Santos Romero e Rof Codina.

Imaxe 27. Rof Codina (sentado, terceiro pola dereita) coa redacción da Voz de Galicia. (1912).

Imaxe 28. Concepción Carballo Lameiro, con dous dos seus fillos, Angela María e Juan Rof Carballo (1909). Arquivo Familia Rof Codina.

Imaxe 29. Rof Codina (arriba, cuarto pola dereita) na III Asemblea de Monforte. (Monforte, 1911).

Imaxe 30. Portada de “Reformas que se pueden implantar en Galicia para el progreso de la Agricultura” (1912). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 31. La Ganadería como riqueza y factor de bienestar social. (1914). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 32. Juan Rof Codina (1917).

Imaxe 33. Leopoldo Hernández Robredo.

Imaxe 34. Rof Codina (sentado no centro coa súa filla) no Concurso de Gandos de Cuntis (1920).

Imaxe 35. Rof Codina nun concurso gandeiro celebrado en Cuntis. (1920).

Imaxe 36. Bastón zoométrico Rof. Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 37. La raza bovina gallega (1916). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 38. Medición dunha res co Bastón zoométrico Rof. Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 39. Proposta de Rof Codina para unha explotación porcina en A Coruña. 1921.

Imaxe 40. Enfermedades infecto-contagiosas reinantes en la ganadería gallega y medidas para combatirlas y evitarlas. (1928). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 41. Inspectores de Hixiene Pecuaria e Sanidade Veterinaria en Galicia (1910).

Imaxe 42. Orla da 1ª Promoción de Inspectores de Hixiene Pecuaria e Sanidade Veterinaria (1910). Fonte: Asociación del Cuerpo Nacional de Veterinaria.

Imaxe 43. Familia Rof Codina. (1925). Arquivo Familia Rof Codina.

Imaxe 44. Rof Codina (1) xunto a Cruz Gallástegui (2) e Gordón Ordas (3), nunha Comida Veterinaria. (s.d). Arquivo Familia Rof Codina.

Imaxe 45. Excursión Práctica Veterinaria. Alumnos do ultimo ano da escola de Veterinaria de Santiago na finca do Marques de Loureda. 1911. De esquerda a dereita: Eulogio Castro Rivas, alumno; Pedro González, catedrático; Ramiro Olveira, alumno; Jose Fentanes, alumno; Benito González Somoza, alumno; Jaime Fábregas, alumno; Juan Rof Codina, Inspector Pecuario de A Coruña, Marques de Loureda, Ramón Pérez Baselga, veterinario militar; Jose Gradaill, director de Prácticas Modernas; e Manuel Casal, alumno.

Imaxe 46. Rof Codina cos alumnos de Veterinaria. 1911. Medindo unha res e apreciando o grado de cebamento.

Imaxe 47. Juan Rof Codina (No centro con chapeu na man) na inauguración do Ateneo Escolar Veterinario de Santiago (1922).

Imaxe 48. Artigos de Rof Codina en defensa da Escola de Veterinaria de Santiago.

Imaxe 49. Traballos do V Concurso Nacional de Gando de 1926. Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 50. Anuncio de “El Cultivador Moderno” (1919).

Imaxe 51. Rof Codina cuns carneiros de raza ovina galega (1918).

Imaxe 52. Abastecimiento de carnes y organización racional de los Concursos de Ganados en Galicia (1920).

Imaxe 53. Anuncio de venda de remolacha (1923).

Imaxe 54. A Asociación Xeral de Avicultores na súa Asemblea Oficial Pro Avicultura celebrada en Madrid o 24 e 25 de novembro de 1934. (Sinalase Rof Codina cunha cruz).

5. As mudanzas: República, guerra e posguerra (1932 – 1942)

Imaxe 55. Asemblea da Asociación Nacional Veterinaria (ANVE). Madrid. 1932. Arquivo Familia Rof Codina.

Imaxe 56. Visita de Rof Codina á Escola Superior de Veterinaria de Córdoba. Publicado no xornal ABC o 6 de decembro de 1932.

Imaxe 57. A Estación Pecuaria Rexional de Lugo (1932). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 58. Rof Codina xunto co Presidente do Consello de Ministros Alejandro Lerroux na clausura da Exposición de Avicultura de Sevilla (1935).

Imaxe 59. Telegrama de Rof Codina presentado a súa adhesión ao Goberno republicano tras o Golpe (13 de agosto de 1936). Expediente Rof. Caixa 61/7683. AXA .

6. De regreso o fogar: Estación Pecuaria Rexional de Lugo e Cátedra de Divulgación Pecuaria de Galicia (1942- 1965)

Imaxe 60. Cursillo a mestres nacionais na Estación Pecuaria (1943). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 61. Caricatura de Juan Rof Codina por Mouriz (1954).

Imaxe 62. Rof Codina impartindo unha charla a través da Cátedra de Divulgación Pecuaria de Galicia. Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 63. Conferencia de Rof Codina no Circulo das Artes de

Lugo. (1954). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 64. Reunión na Dirección Xeral de Gandería (1964). Arquivo Familia Rof Codina.

Imaxe 65. Rof Codina e o Xeneral Franco na Sección Avícola da Estación Pecuaria Rexional de Lugo (26 de agosto 1943). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

7. Lembrar é vivir (1967)

Imaxe 66. Sinatura de Juan Rof Codina. Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 67. Traballo sobre “La Célula y sus funciones” (1965). Fondo Rof Codina. Biblioteca Universidade de Santiago de Compostela.

Imaxe 68. Rof Codina aos 90 anos de idade (1964). Arquivo Familia Rof Codina .

Imaxe 69. Juan Rof Codina recibindo a homenaxe do Consello de Colexios de Veterinarios de España (1966). Arquivo Familia Rof Codina.

Imaxe 70. Redacción da Voz de Galicia. (s.d). De esquerda a dereita, sentados Merelas, Martínez Morás, o Doutor Hervada, o director Alejandro Barreiro, Rof Codina e Cesar Alvajar. De pé: Manuel Díaz, Nito, Carballo Tenorio, Augusto Barreiro, Julio Rodríguez e Blanco Meizoso.



